CA1.2 - Formular preguntas e realizar predicións razoadas, demostrando curiosidade polo medio natural, social e cultural próximo.	Realiza preguntas demostrando curiosidade polo medio natural, social e cultural próximo.		
CA1.3 - Buscar e seleccionar información, de diferentes fontes seguras e fiables utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural e adquirindo léxico científico básico.	Selecciona a información solicitada, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural, adquirindo léxico científico básico.		
CA1.4 - Realizar experimentos guiados utilizando diferentes técnicas de indagación e modelos, empregando de forma segura instrumentos e dispositivos, realizando observacións e medicións precisas e rexistrándoas correctamente.	Realiza de forma autónoma experimentos sinxelos, realizando a súa posterior explicación.		
CA1.5 - Realizar actividades no contexto da comunidade escolar, asumindo responsabilidades e establecendo acordos de forma dialogada e democrática e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.	Realiza actividades no contexto da comunidade escolar, asumindo responsabilidades e iniciándose no establecemento de acordos de forma dialogada e democrática.		
CA2.1 - Identificar as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural, social e cultural a través de metodoloxías da indagación e utilizando as ferramentas e procesos adecuados.	Recoñece e comeza a identificar as características e as propiedades dos elementos do medio natural, social e cultural a través de metodoloxías da indagación e utilizando ferramentas variadas.		
CA2.2 - Identificar conexións sinxelas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural, mostrando comprensión das relacións que se establecen.	Recoñe e comeza a identificar conexións sinxelas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural, mostrando comprensión das relacións que se establecen.		
CA3.2 - Valorar positivamente as accións que fomentan a igualdade de xénero e as condutas non sexistas recoñecendo modelos positivos ao longo da historia.	Valora positivamente as accións que fomentan a igualdade de xénero e as condutas non sexistas recoñecendo modelos positivos ao longo da historia.		
CA4.1 - Protexer o patrimonio natural e cultural e valoralo como un ben común, adoptando condutas respectuosas para o seu gozo e proponendo accións para a súa conservación e mellora.	Protexe o patrimonio natural e cultural, adoptando condutas respectuosas para o seu gozo e proponendo accións para a súa conservación e mellora.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.2 - Identificar feitos da contorna social e cultural desde a Prehistoria ata a Idade Antiga, empregando as nocións de causalidade, simultaneidade e sucesión.	Identifica feitos da contorna social e cultural desde a Prehistoria ata a Idade Antiga, iniciándose no emprego das nocións de causalidade, simultaneidade e sucesión.		
CA4.3 - Coñecer persoas, grupos sociais relevantes e formas de vida das sociedades desde a Prehistoria ata a Idade Antiga, incorporando a perspectiva de xénero.	Recoñe e coñece persoas, grupos sociais relevantes e formas de vida das sociedades desde a Prehistoria ata a Idade Antiga, incorporando a perspectiva de xénero.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación (observación no tempo, identificación e clasificación, procura de patróns, creación de modelos, investigación a través de procura de información, experimentos con control de variables...). - Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. - Fomento da curiosidade, a iniciativa e a constancia na realización das diferentes investigacións. - Avances no pasado relacionados coa ciencia e a tecnoloxía que contribuíron a transformar a nosa sociedade mostrando modelos que incorporen unha perspectiva de xénero. - Propostas de traballo cooperativo que supoñan un proceso de investigación e acción por parte do alumnado e faciliten o proceso de autorregulación de aprendizaxes. Cooperación e diálogo. Estratexias para a prevención e resolución de conflitos. - Dispositivos e recursos dixitais de acordo con as necesidades do contexto educativo. A aula virtual - Responsabilidade ecosocial. Ecodependencia e interdependencia entre persoas, sociedades e medio natural. - Desigualdade social e acceso aos recursos. Usos do espazo polo ser humano e evolución das actividades produtivas. - Costumes, tradicións e manifestacións culturais da contorna. Respecto pola diversidade cultural que convive na contorna da cohesión social. A cultura de paz e non violencia. - Igualdade de xénero e conduta non sexista. Análise e reflexión sobre os estereotipos de xénero. - Compromisos e normas para a vida en sociedade. - As fontes históricas: clasificación e utilización das distintas fontes (orais, escritas, patrimoniais) como vía para a análise dos cambios e permanencias na localidade ao longo da historia. - O tempo histórico. Nocións temporais e cronoloxía. Localización temporal das grandes etapas históricas en eixes cronolóxicos. - As expresións artísticas e culturais prehistóricas e da antigüidade e a súa contextualización histórica desde unha perspectiva de xénero. - Iniciación na investigación e nos métodos de traballo para a realización de proxectos, que analicen feitos, asuntos e temas de relevancia actual con perspectiva histórica, contextualizándoos na época correspondente. - A acción de mulleres e homes como suxeitos na historia. Descubrimentos e inventos importantes ao longo da historia.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A realización de diversas tarefas, actividades ou proxectos de xeito autónomo e/ou guiado por parte do alumnado será unha condición primordial para acadar unha aprendizaxe significativa. Todo isto, terá un enfoque globalizador, de carácter interdisciplinar, transversal e tratando de achegar o coñecemento científico ao alumnado.

A contorna será un medio idóneo para a adquisición de novas aprendizaxes, comezando polas máis próximas á súa realidade (sinxelas) e ata chegar a outras máis complexas.

O traballo individual, en pares ou en equipo (traballo colaborativo) serán as opcións máis empregadas para favorecer a participación total do alumnado.

Todo isto debe rexirse polos principios de normalización e inclusión e así poder atender á diversidade existente na nosa aula.

En resumo, a metodoloxía será activa, participativa, comunicativa e intentará incluír novas experiencias que fomenten a innovación educativa na medida que sexa posible, coa finalidade de incentivar e motivar ao alumnado cara a novas aprendizaxes.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Material de elaboración propia (adaptado ás necesidades e características do alumnado) para os contidos das diferentes propostas.
Esquemas, mapas mentais ou mapas.
Medios tecnolóxicos: tabletas, ordenadores, taboleiro dixital, etc.
Soportes físicos de busca de información.
Programas ou aplicacións sobre as temáticas traballadas.
Visionados de vídeos ou Power Point.
Material funxible ou de reciclaxe.
Material propio para as creacións do alumnado.

Para traballar nesta área non empregaremos libros de textos.

No seu lugar empregaremos diferentes materiais e recursos segundo a proposta ou proxecto que realizamos.

En todo momento este material pode presentar cambios, modificacións ou adaptacións en función das posibles necesidades que poida presentar o alumnado, así como segundo se vaia desenvolvendo dito proxecto.

Ao longo das tres grandes unidades didácticas que conforman esta área, traballaremos nalgúns momentos de forma individual e noutros momentos en equipo, adecuando os materiais ou recursos aos diferentes momentos.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao comezo do curso e durante o primeiro mes escolar, realizarase unha avaliación inicial coa finalidade de adecuar as ensinanzas ao alumnado e facilitar a progresión satisfactoria no seu proceso de aprendizaxe, incidindo na obtención de información sobre o grao de desenvolvemento das competencias clave.

Esta avaliación incluírá a análise dos informes persoais anteriores e completaráse coa información obtida das familias e do profesorado.

A avaliación inicial será o punto de referencia para a toma de decisións relativas ao desenvolvemento do currículo nas programacións de aula, así como para adoptar aquelas medidas de apoio ou reforzo que consideren oportunas para cada alumna ou alumno.

Ao comezo do curso farase un repaso do curso anterior con actividades que nos darán a información necesaria sobre os coñecementos previos e así elaborar a programación tendo en conta os obxectivos mínimos. Consideramos moi importante a participación de tódolos docentes que participan no proceso de ensinanza-aprendizaxe do alumnado.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	40	30	30	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

Nesta área, que forma parte das materias relativas a Contextos (Ciencias Sociais e Ciencias Naturais), a nota final será a media aritmética das cualificacións obtidas en cada trimestre.

Para levar a cabo a avaliación desta área empregaremos: rúbricas, listaxes de observación, investigacións, producións variadas, portfolio e caderno de aula.

As porcentaxes de peso para a nota numérica será:

- Producións do alumnado (65 %) as cales poden ser moi variadas segundo o momento ou os contidos traballados:

Expresión oral
 Expresión escrita
 Expresión artística
 Expresión vivencial
 Comprensión oral
 Comprensión escrita

- Traballo en equipo (35%)

Respecto polo traballo e polos compañeiros/as
 Participación activa no traballo
 Actitude positiva e axeitada ante o proceso de ensinanza - aprendizaxe
 A resolución do conflito

Criterios de recuperación:

No caso de que un alumna/o non alcance o mínimo nalgúns criterios de avaliación terá que realizar tarefas específicas, adaptada e pautadas para traballar diferentes aspectos relacionados co criterio non superado.

Para iso buscaremos:

- Adaptarnos ás características individuais e sociais de cada alumno/a.
- Adoptar unha metodoloxía propicia á aprendizaxe para todos os alumnos/as na súa diversidade.
- Partir dos coñecementos previos para "construír" os seguintes.
- Establecer as actividades de reforzo precisas.
- Adaptar, de ser preciso, tempos, metodoloxía, espazos, etc.

Considerarase que o mínimo dese criterio estará superado en función da competencia que mostre nas tarefas realizadas. Empregando a mesmo instrumento de avaliación que o resto do alumnado.

6. Medidas de atención á diversidade

As medidas con carácter curricular son o reforzo educativo e as adaptacións curriculares que se levan a cabo con algúns/as estudantes.

O reforzo educativo realízase dentro da aula ordinaria polo mestre/a titor/a e, noutras ocasións, pola mestra especialista en pedagogía terapéutica (dentro da medida das súas posibilidades) ou pola mestra ou mestre de apoio. Reciben este tipo de reforzo aqueles/as alumnos/as que coa modificación de elementos non prescritivos do currículo, é dicir, a secuencia de contidos, as formas e instrumentos de avaliación, a organización da aula, os agrupamentos dos alumnos/as e todo aquilo incluído dentro do ámbito da metodoloxía, poden seguir o proceso ordinario de ensino/aprendizaxe.

Por outra banda, a adaptación curricular (medida extraordinaria) refírese ás modificacións dun ou máis elementos prescritivos do currículo, como son obxectivos, contidos e criterios de avaliación, para atender ás necesidades educativas dun alumno/a motivadas tanto por unha determinada dificultade persoal coma polas súas capacidades excepcionais.

Os obxectivos poden pertencer, se é o caso, a outro curso ou etapa distinto do que cursa o alumno/a obxecto de adaptación curricular.

Os nenos/as con adaptacións curriculares reciben apoio por parte da mestra de pedagogía terapéutica e, se é o caso, por parte da mestra de audición el linguaxe.

Para dar resposta a estas necesidades, empregaremos, en función das necesidades:

- Apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria.
- Adaptación dos tempos
- Traballo individual ou en pequeno grupo.
- Deseño universal de aprendizaxe (DUA).
- Aprendizaxe por ambientes, procesos e contextos.
- Aprendizaxe manipulativo (OAOA, Montessori, Waldorf, pedagogías vivas e activas, proxectos...).

Ademais, traballarase en continua colaboración co Departamento de Orientación do centro educativo.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - A comprensión oral e escrita	X	X	X
ET.2 - A expresión oral e escrita	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.3 - Competencia dixital e audiovisual	X	X	X
ET.4 - Fomento da creatividade	X	X	X
ET.5 - Espírito científico	X	X	X
ET.6 - Educación para o desenvolvemento sustentable e o consumo responsable	X	X	
ET.7 - Igualdade entre homes e mulleres		X	X

Observacións:

Fomentaranse de maneira transversal outros aspectos como:

- a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual
- o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.
- a resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social
- valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos.
- educación emocional
- valores que sustentan a non discriminación
- afianzar o espírito emprendedor
- aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo/a e o sentido crítico.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Aliméntate ben	Proxecto programa no que participa o centro	X	X	X
O horto	O horto	X	X	X
Ecoloxía	Consumo responsable, sostinibilidade, etc	X	X	X
Ecoloxía	A reciclaxe	X	X	X
Saídas á contorna	Coñecemos a contorna	X	X	X

Observacións:

Ao longo do curso participaremos nas actividades complementarias e extraescolares que propoñan os equipos do centro ou o Departamento de Orientación. Podemos sinalar aquí que as actividades aínda non están concretadas, xa que depende do debir do curso.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
7.Instrucións e orientacións ao traballo do alumnado.
9.Seguimento (control do proceso de Ensinanza-Aprendizaxe) e uso de distintos instrumentos de avaliación
Metodoloxía empregada
1.Motivación ao longo do proceso de ensinanza - aprendizaxe do alumando
2 .Presentación axeitada e motivadora dos conceptos.
4.Nivel de dificultade axeitado ás características do alumnado.
6 .Organización da aula, cunha boa organización do tempo e dos agrupamentos.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
3. Actividades variadas na aula.
5.Recursos variados para a presentación de contidos e realización de tarefas.
Medidas de atención á diversidade
10.Atención á diversidade con medidas organizativas axeitadas para atender ao alumnado.
Clima de traballo na aula
8.Clima de traballo favorecedor para o fomento do respecto e a colaboración entre o alumnado.

Descrición:

Avaliarei a miña práctica docente empregando os indicadores anteriormente recollidos, empregando unha escala de observación de elaboración propia.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Neste apartado preténdese promover a reflexión da práctica docente e a autoavaliación da realización e o desenvolvemento da programación didáctica.

Toda a programación está suxeita a ser revisada con continuidade có obxectivo de adaptar o proceso de ensino-aprendizaxe aos diferentes ritmos, intereses e necesidades do alumnado.

Durante o desenvolvemento das diferentes Unidades Didácticas e ao remate das mesmas, levarase a cabo unha avaliación obxectiva coa finalidade de mellorar o proceso de ensino-aprendizaxe. Para cada unidade, empregaremos unha secuencia de preguntas que permitan avaliar o funcionamento do programado na aula e establecer estratexias de mellora para a propia unidade.

Este proceso permitirá unha reflexión sobre a nosa práctica docente e posibilitará a introdución das medidas

correctoras necesarias para a mellora do proceso de ensino- aprendizaxe.

Ademais, ao remate de cada trimestre:

- Por un lado, valoraranse os resultados académicos obtidos polo alumnado, a información recollida a través dos indicadores de logro do apartado anterior e os datos aportados polo equipo de ciclo nas sesións de avaliación, có gallo de formular propostas de mellora en todos os aspectos da programación (proceso de aprendizaxe, proceso de ensino e a propia práctica docente). Para iso empregarei unha escala de observación.

- Por outro lado, os discentes tamén realizarán unha avaliación da miña función docente, empregando para iso un pequeno cadro de observación, avaliando algún dos indicadores anteriormente seleccionados. Sen esquecermos na autoavaliación da seu propio proceso de ensinanza - aprendizaxe, para a cal empregarán unha diana de avaliación.

Tamén, levaremos un seguimento do desenvolvemento da programación a través da aplicación Proens (modificación de número de sesións, modificación de UD...).

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36013059	CEIP de Viñagrande-Deiro	Vilanova de Arousa	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Educación física	3º Pri.	2	70

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	8
4.1. Concrecións metodolóxicas	51
4.2. Materiais e recursos didácticos	53
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	54
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	56
6. Medidas de atención á diversidade	58
7.1. Concreción dos elementos transversais	59
7.2. Actividades complementarias	61
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	62
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	63
9. Outros apartados	63

1. Introducción

Para una coherencia formal e estrutural da Programación Didáctica de Educación Física para a etapa de Educación Primaria, para 3º nivel, terase en conta a seguinte lexislación: LOMLOE, Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, o Real Decreto 157/2022, de 1 de marzo, polo que se establecen a ordenación e as ensinanzas mínimas da Educación Primaria e o DECRETO 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia; ORDE do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.

No Decreto polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, expónse que a área de Educación Física na etapa da educación primaria prepara o alumnado para afrontar unha serie de retos fundamentais que pasan pola adopción dun estilo de vida activo, o coñecemento da propia corporalidade, o achegamento a manifestacións culturais de carácter motor, a integración de actitudes ecosocialmente responsables ou o desenvolvemento de todos os procesos de toma de decisión que interveñen na resolución de situacións motrices. Estes elementos contribúen a que o alumnado sexa motrizmente competente, o que facilita o seu desenvolvemento integral, posto que a motricidade constitúe un elemento esencial e indisoluble da propia aprendizaxe.

A área de Educación Física debe fundamentarse na adquisición das capacidades que contribúan ao desenvolvemento persoal e a unha mellor calidade de vida. Ten que dirixirse cara ao coñecemento progresivo da conducta motora e á adquisición de actitudes, valores e normas referentes ao corpo e ao movemento.

É un área que contribuirá ao logro de diversos fins educativos na Etapa de Educación Primaria: socialización, autonomía, aprendizaxes básicas e mellora das posibilidades expresivas, cognitivas, comunicativas e lúdicas.

Pero a Educación Física non é unha simple aprendizaxe de movementos, senón un camiño cara á educación total que utiliza dito movemento como axente pedagóxico con diversas funcións: de coñecemento, de organización perceptiva, anatómico-funcional, estético-comunicativa, de relación persoal coas demais persoas, agonística, hixiénica, hedonista, de compensación e catártica.

Esta área curricular está especialmente indicada para integrar todo tipo de alumnado e resulta idónea de cara á Atención á Diversidade. Debe incidirse na Coeducación e na Igualdade de oportunidades para ambos sexos.

Nesta proposta teranse en conta os diferentes ritmos de maduración, preténdese desenvolver as capacidades e habilidades instrumentais que melloran e aumentan as posibilidades de movemento dos alumnos/as, a través de patróns motores básicos que constitúan unha sólida base para o futuro.

Un dos obxectivos principais debe ser fomentar a adquisición dun estilo de vida activo e saudable que lle permita ao alumnado chegar a consolidar hábitos e, posteriormente, perpetualos ao longo da súa vida. Esos hábitos de vida saudable son a clave para evitar o sedentarismo e a obesidade contribuíndo a ter calidade de vida. Temos que inculcar ao noso alumnado que a actividade física ten que estar no presente e no futuro do seu día a día.

Para abordar con posibilidades de éxito as numerosas situacións motrices ás que se verá exposto o alumnado ao longo da súa vida, será preciso desenvolver de maneira integral capacidades de carácter cognitivo e motor, pero tamén afectivo - motivacional, de relacións interpersoais e de inserción social. Deste xeito, o alumnado terá que aprender a xestionar as súas emocións e as súas habilidades sociais en contextos de práctica motriz.

O alumnado tamén deberá recoñecer diferentes manifestacións da cultura motriz, como parte relevante do patrimonio cultural, expresivo e artístico, que poden converterse en obxecto de gozo e aprendizaxe. Para iso, será preciso desenvolver a súa identidade persoal e social integrando nela as manifestacións máis comúns da cultura motriz, a través dunha práctica vivenciada e creativa.

O desenvolvemento de actitudes comprometidas co medio ambiente e a súa materialización en comportamentos baseados na conservación e na sustentabilidade asociaranse cunha competencia fundamental para a vida en sociedade que debe comezar a adoptarse nesta etapa.

* CARACTERÍSTICAS PSICOEVOLUTIVAS ALUMNADO DE 2º CICLO (8 a 10 anos).

- **Ámbito cognitivo:** atópase en plena etapa do período das operacións concretas, o que supón que razoan lóxicamente, xa non emiten xuízos intuitivos propios do período anterior. Agora ben, o seu razoamento está vencellado á manipulación dos obxectos aos que éste se refire.

- **Ámbito motor:** teñen cada vez máis relacións co mundo que os rodea. Neste período, mostran unha maior forza e unha gran progresión na coordinación motora.

- **Ámbito afectivo-social:** nesta idade, ábrense a persoas e costumes diferentes ás súas, na que actúan de modo cada vez máis autónomo, poñéndose eles mesmos os seus fins e organizando as súas accións por sí solos en función dos seus proxectos e obxectivos. Nesta etapa advírtese unha segregación entre sexos, producíndose unha clara diverxencia entre os xogos dos nenos e das nenas. Neste período, o grupo organízase para converterse no verdadeiro centro da vida escolar.

O C.E.I.P. Viñagrande-Deiro é de liña 1, con 8 unidades. E conta con diferentes espazos como unha aula de inclusión, un espazo para orientación, un espazo para AL e PT, espazos para a radio, biblioteca, un ximnasio, unha aula de música, pistas exteriores e patio cuberto e de terra para o recreo. Nas proximidades do centro contamos cun pavillón deportivo en mal estado e un campo de fútbol de herba artificial.

Dicir que a área de EF estableceu un obxectivo xeral para o curso 2022/2023 para toda a Ed. Primaria: GOZAR DO CORPO EN MOVIMENTO FACILITANDO A MELLORA DA COMPETENCIA MOTRIZ.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Adoptar un estilo de vida activo e saudable, practicando regularmente actividades físicas e deportivas e adoptando comportamentos que potencien a saúde física, mental e social, así como medidas de responsabilidade individual e colectiva durante a práctica motriz para interiorizar e integrar hábitos de actividade física sistemática que contribúan ao benestar.			2-5		2-5		3	
OBX2 - Adaptar os elementos propios do esquema corporal, as capacidades físicas, perceptivo-motrices e coordinativas, así como as habilidades e as destrezas motrices, aplicando procesos de percepción, decisión e execución adecuados á lóxica interna e aos obxectivos de diferentes situacións, para dar resposta ás demandas de proxectos motores e de prácticas motrices con distintas finalidades en contextos da vida diaria.			1	3	4-5			

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX3 - Desenvolver procesos de autorregulación e interacción no marco da práctica motriz, con actitude emprática e inclusiva, facendo uso de habilidades sociais e actitudes de cooperación, respecto, traballo en equipo e deportividade, con independencia das diferenzas etnoculturais, sociais, de xénero e de habilidade dos participantes, para contribuír á convivencia social e ao compromiso ético nos diferentes espazos en que se participa.	1-5				1-3-5	2-3		
OBX4 - Recoñecer e practicar diferentes manifestacións lúdicas, físico-deportivas e artístico-expresivas propias da cultura motriz, valorando a súa influencia e as súas achegas estéticas e creativas á cultura tradicional e contemporánea, para integralas nas situacións motrices que se utilizan regularmente na vida cotiá.		3				3		1-2-3-4
OBX5 - Valorar diferentes medios naturais e urbanos como contextos de práctica motriz, interactuando con eles, comprendendo a importancia da súa conservación desde un enfoque sustentable e adoptando medidas de responsabilidade individual durante a práctica de xogos e actividades físico-deportivas, para realizar unha práctica eficiente e respectuosa coa contorna e participar no seu coidado e mellora.			5			2-4	1-3	

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Comezo o curso	Unidade didáctica destinada á presentación de alumnado e profesorado, así como tamén para establecer unha serie de directrices que seguiremos ao longo de todas as sesións do curso en Educación Física. É importante que se teñan presentes unhas normas básicas, que farán que as clases transcorran con normalidade.	2	2	X		
2	Manteño o meu corpo san	Nesta unidade didáctica trátanse aspectos fundamentais que teñen que ver coa saúde, e que serán traballados noutras unidades ao longo do curso. É un tema moi importante, polo que a súa	10	3	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
2	Manteño o meu corpo san	transversalidade é patente e necesaria para a concienciación do alumnado.	10	3	X		
3	Exprésome e doume a coñecer	Esta unidade didáctica está destinada á toma de contacto por parte de alumnado coa expresión corporal. Aspecto pouco traballado normalmente, pero que axuda en gran medida a exteriorizar ideas, sentimentos, así como tamén a aceptación da súa realidade corporal diante dos demais, desterrando aspectos como a vergoña, introversión e timidez.	5	4	X		
4	Son coordinado	Esta unidade didáctica está destinada a tratar aspectos como a percepción e estruturación espacio-temporal, moi importantes de cara ao posterior traballo das habilidades físicas básicas ao longo de todo o curso.	15	7	X		
5	Estou en forma	Esta unidade didáctica tratará máis aspectos relacionados coa saúde, en especial a respiración e relaxación, contidos moi a ter en conta á hora de realizar calquera tipo de actividade física. O alumnado aprenderá conceptos básicos que teñen que ver coa toma de pulsacións, xeito de respirar correctamente e técnicas básicas de relaxación despois de realizar o exercicio físico.	7	5	X		
6	Teño puntería	Nesta unidade didáctica empezaranse a tratar as habilidades básicas, un dos obxectivos fundamentais da etapa. A adquisición progresiva destas farase mediante xogos e actividades xogadas, así como a introdución dalgúns exercicios específicos.	7	8		X	
7	Son áxil	Esta unidade didáctica serve de continuación á anterior, onde se traballaran habilidades básicas de saltos, xiros, transportes e conducións, afondando tamén nos contidos da unidade anterior.	7	8		X	
8	Practico actividades saudables	Esta unidade didáctica servirá como continuación para traballar aspectos relacionados coa saúde no segundo trimestre. Lembrando cousas que xa se interiorizaron nas primeiras unidades, agora estes coñecementos aplicarémolos en diferentes actividades de xeito práctico, para que sexa o propio alumnado o que comprobe os beneficios directos destas prácticas.	7	6		X	
9	Xogamos a xogos de cancha dividida	Esta unidade didáctica servirá para traballar todo tipo de actividades en equipo, parellas ou individuais, pero sen ter contacto co adversario. Farase especial fincapé na importancia do traballo de varios	7	6		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
9	Xogamos a xogos de cancha dividida	para conquistar un obxectivo común. Os xogos serán en espazos cubertos, pero tamén ao aire libre.	7	6		X	
10	Comunícome e exprésome	Nesta unidade didáctica preténdese asentarse e ampliar contidos referidos á expresión corporal, algúns deles xa traballados no primeiro trimestre. Tentaranse facer actividades e xogos que axuden ao alumnado a explorar distintas maneiras de expresarse ante os demais, afondando na linguaxe xestual, para manifestar diversos estados de ánimo.	7	4		X	
11	Xogamos a xogos de invasión	Nesta unidade didáctica, xa no terceiro trimestre, afondarase no xogo como un dos eixos fundamentais da etapa. Traballaranse os xogos en campo común ou de invasión, no que o alumnado asentará as habilidades traballadas en sesións anteriores, así como valores como compañeirismo e responsabilidade individual dentro dun grupo.	5	5			X
12	Danzo e bailo	Esta unidade didáctica, cuxo obxectivo é traballar a expresión corporal, pretende ser unha continuidade das anteriores que se propuxeron nos dous primeiros trimestres de curso. Agora buscarase facer pequenas coreografías, tanto en gran grupo, como en pequeno grupo ou parellas.	5	3			X
13	Achégome aos xogos populares	Nesta unidade didáctica farase unha proposta por parte do mestre de diferentes xogos populares da provincia ou da comunidade autónoma. O alumnado, nalgún momento, proporá algún xogo popular, despois dun pequeno traballo de investigación entre os membros da súa familia.	5	3			X
14	Todo o mundo xoga	Esta unidade didáctica servirá como plataforma para presentar ao alumnado xogos de diferentes partes do mundo. Cada unha das sesións irán destinadas a xogos por continentes.	5	4			X
15	Xogamos na natureza	Esta unidade didáctica servirá para dar a coñecer ao alumnado outros espazos e situacións de xogo distintos aos que están afeitos a ver nas clases de Educación Física. Na primeira sesión farase unha ximcana de xogos nun espazo verde cercano, e na segunda sesión un circuito de orientación sinxelo nun pequeno bosque.	6	2			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Comezo o curso	2

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a actividade física como alternativa de lecer saudable, identificando desprazamentos activos e sustentables e coñecendo os efectos beneficiosos desde o punto de vista físico, mental e social que supón adoptar un estilo de vida activo.	Recoñecer os beneficios da actividade física para a saúde en xeral.		
CA1.2 - Aplicar medidas de educación postural, alimentación saudable, hixiene corporal e preparación da práctica motriz, asumindo responsabilidades e xerando hábitos e rutinas en situacións cotiás.	Aplicar distintas medidas posturais e hixiénicas que xeren hábitos e rutinas saudables.		
CA1.3 - Recoñecer a propia imaxe corporal e a dos demais, aceptando e respectando as características individuais, superando e rexeitando as condutas discriminatorias que se poidan producir en contextos de práctica motriz.	Recoñecer o noso corpo e o dos demais, respectando as diferencias individuais.		
CA1.4 - Mostrar unha disposición positiva cara á práctica física e cara ao esforzo, xestionando as emocións que xurdan en contextos de actividade motriz.	Mostrar boa disposición para o exercicio, controlando as emocións.		
CA1.5 - Desenvolver habilidades sociais de acollida, inclusión, axuda e cooperación ao participar en prácticas motrices variadas, resolvendo os conflitos individuais e colectivos de forma dialogada e xusta e mostrando un compromiso activo fronte aos estereotipos e ás actuacións discriminatorias e de violencia.	Desenvolver habilidades sociais para a resolución de conflitos que xurdan durante a práctica motriz.	TI	100
CA2.1 - Aplicar medidas de educación postural, alimentación saudable, hixiene corporal e preparación da práctica motriz, asumindo responsabilidades e xerando hábitos e rutinas en situacións cotiás.	Aplicar distintas medidas posturais e hixiénicas que xeren hábitos e rutinas saudables.		
CA4.1 - Mostrar unha disposición positiva cara á práctica física e cara ao esforzo, xestionando as emocións que xurdan en contextos de actividade motriz.	Mostrar boa disposición para o exercicio, controlando as emocións.		
CA4.2 - Respectar as normas consensuadas na clase, así como as regras de xogo, actuando desde os parámetros da deportividade e do xogo limpo e valorando as achegas dos participantes.	Respectar as normas e regras de todos os xogos, actuando con deportividade.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.3 - Desenvolver habilidades sociais de acollida, inclusión, axuda e cooperación ao participar en prácticas motrices variadas, resolvendo os conflitos individuais e colectivos de forma dialogada e xusta e mostrando un compromiso activo fronte aos estereotipos e ás actuacións discriminatorias e de violencia.	Desenvolver habilidades sociais para a resolución de conflitos que xurdan durante a práctica motriz.		
CA6.1 - Recoñecer a actividade física como alternativa de lecer saudable, identificando desprazamentos activos e sustentables e coñecendo os efectos beneficiosos desde o punto de vista físico, mental e social que supón adoptar un estilo de vida activo.	Recoñecer os beneficios da actividade física para a saúde en xeral.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Saúde física: - Efectos físicos beneficiosos dun estilo de vida activo. - Características dos alimentos naturais, procesados e ultraprocesados. - Hidratación na práctica da actividade física. - Educación postural en accións motrices habituais. - Factores básicos que inciden no coidado do corpo. - Saúde social: - A actividade física como hábito e alternativa saudable fronte a formas de lecer nocivas. - Aceptación de distintas tipoloxías corporais para practicar, en igualdade, diversidade de actividades físico-deportivas. - Saúde mental: - Efectos psicolóxicos beneficiosos dun estilo de vida activo. - Respecto e aceptación do propio corpo. - Autocoñecemento e identificación de fortalezas e debilidades ou posibilidades e limitacións en todos os ámbitos (social, físico e mental). - Consolidación de pautas de hixiene persoal relacionadas coa actividade física. - Prevención de accidentes nas prácticas motrices: mecanismos de prevención e control corporal para a prevención de lesións. - Condutas contrarias á convivencia, discriminatorias ou sexistas en situacións motrices (discriminación por cuestións de competencia motriz, etnia, xénero ou outras): estratexias para a súa identificación e efectos negativos que traen consigo. - Prevención e sensibilización sobre a xeración de residuos, fomentando a construción e a reutilización de materiais para a práctica motriz.

UD	Título da UD	Duración
2	Manteño o meu corpo san	3

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a actividade física como alternativa de lecer saudable, identificando desprazamentos activos e sustentables e coñecendo os efectos beneficiosos desde o punto de vista físico, mental e social que supón adoptar un estilo de vida activo.	Recoñecer os beneficios da actividade física para a saúde en xeral.	TI	100
CA1.2 - Aplicar medidas de educación postural, alimentación saudable, hixiene corporal e preparación da práctica motriz, asumindo responsabilidades e xerando hábitos e rutinas en situacións cotiás.	Aplicar distintas medidas posturais e hixiénicas que xeren hábitos e rutinas saudables.		
CA1.3 - Recoñecer a propia imaxe corporal e a dos demais, aceptando e respectando as características individuais, superando e rexeitando as condutas discriminatorias que se poidan producir en contextos de práctica motriz.	Recoñecer o noso corpo e o dos demais, respectando as diferencias individuais.		
CA1.4 - Mostrar unha disposición positiva cara á práctica física e cara ao esforzo, xestionando as emocións que xurdan en contextos de actividade motriz.	Mostrar boa disposición para o exercicio, controlando as emocións.		
CA1.5 - Desenvolver habilidades sociais de acollida, inclusión, axuda e cooperación ao participar en prácticas motrices variadas, resolvendo os conflitos individuais e colectivos de forma dialogada e xusta e mostrando un compromiso activo fronte aos estereotipos e ás actuacións discriminatorias e de violencia.	Desenvolver habilidades sociais para a resolución de conflitos que xurdan durante a práctica motriz.		
CA2.1 - Aplicar medidas de educación postural, alimentación saudable, hixiene corporal e preparación da práctica motriz, asumindo responsabilidades e xerando hábitos e rutinas en situacións cotiás.	Aplicar distintas medidas posturais e hixiénicas que xeren hábitos e rutinas saudables.		
CA2.2 - Tomar medidas de precaución e prevención de lesións en relación coa conservación e mantemento do material e cos espazos e instalacións no marco das distintas prácticas físico-deportivas, coñecendo protocolos básicos de actuación ante accidentes que se poidan producir neste contexto.	Tomar medidas de prevención de lesións e coidar e conservar o material utilizado.		
CA2.3 - Realizar proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo empregando estratexias básicas de monitoraxe e seguimento que permitan analizar os resultados obtidos.	Levar a cabo proxectos motores, usando estratexias para analizar os resultados.		
CA3.1 - Realizar proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo empregando estratexias básicas de monitoraxe e seguimento que permitan analizar os resultados obtidos.	Levar a cabo proxectos motores, usando estratexias para analizar os resultados.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Adoptar decisións en situacións lúdicas, xogos e actividades deportivas, axustándose ás demandas derivadas dos obxectivos motores, das características do grupo e da lóxica interna de situacións individuais, de cooperación e de oposición, en contextos simulados de actuación.	Adoitar decisións en diferentes contextos lúdicos, tendo en conta as distintas situacións que se poden xerar, tanto a nivel individual como grupal.		
CA4.1 - Mostrar unha disposición positiva cara á práctica física e cara ao esforzo, xestionando as emocións que xurdan en contextos de actividade motriz.	Mostrar boa disposición para o exercicio, controlando as emocións.		
CA4.2 - Respetar as normas consensuadas na clase, así como as regras de xogo, actuando desde os parámetros da deportividade e do xogo limpo e valorando as achegas dos participantes.	Respetar as normas e regras de todos os xogos, actuando con deportividade.		
CA4.3 - Desenvolver habilidades sociais de acollida, inclusión, axuda e cooperación ao participar en prácticas motrices variadas, resolvendo os conflitos individuais e colectivos de forma dialogada e xusta e mostrando un compromiso activo fronte aos estereotipos e ás actuacións discriminatorias e de violencia.	Desenvolver habilidades sociais para a resolución de conflitos que xurdan durante a práctica motriz.		
CA6.1 - Recoñecer a actividade física como alternativa de lecer saudable, identificando desprazamentos activos e sustentables e coñecendo os efectos beneficiosos desde o punto de vista físico, mental e social que supón adoptar un estilo de vida activo.	Recoñecer os beneficios da actividade física para a saúde en xeral.		
CA6.2 - Tomar medidas de precaución e prevención de lesións en relación coa conservación e co mantemento do material no marco das distintas prácticas físico-deportivas, coñecendo protocolos básicos de actuación ante accidentes que se poidan producir neste contexto.	Tomar medidas de prevención de lesións e coidar e conservar o material utilizado.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Saúde física: - Efectos físicos beneficiosos dun estilo de vida activo. - Características dos alimentos naturais, procesados e ultraprocesados. - Hidratación na práctica da actividade física. - Educación postural en accións motrices habituais. - Factores básicos que inciden no coidado do corpo. - Saúde social: - A actividade física como hábito e alternativa saudable fronte a formas de lecer nocivas. - Aceptación de distintas tipoloxías corporais para practicar, en igualdade, diversidade de actividades físico-deportivas.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Saúde mental: - Efectos psicolóxicos beneficiosos dun estilo de vida activo. - Respecto e aceptación do propio corpo. - Autocoñecemento e identificación de fortalezas e debilidades ou posibilidades e limitacións en todos os ámbitos (social, físico e mental). - Consolidación de pautas de hixiene persoal relacionadas coa actividade física. - Prevención de accidentes nas prácticas motrices: mecanismos de prevención e control corporal para a prevención de lesións. - Esquema corporal: - Conciencia e control do ritmo respiratorio en diferentes actividades. Conciencia dos diferentes tipos de respiración. - Condutas contrarias á convivencia, discriminatorias ou sexistas en situacións motrices (discriminación por cuestións de competencia motriz, etnia, xénero ou outras): estratexias para a súa identificación e efectos negativos que traen consigo. - Prevención e sensibilización sobre a xeración de residuos, fomentando a construción e a reutilización de materiais para a práctica motriz.

UD	Título da UD	Duración
3	Exprésome e doume a coñecer	4

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a actividade física como alternativa de lecer saudable, identificando desprazamentos activos e sustentables e coñecendo os efectos beneficiosos desde o punto de vista físico, mental e social que supón adoptar un estilo de vida activo.	Recoñecer os beneficios da actividade física para a saúde en xeral.	TI	100
CA1.2 - Aplicar medidas de educación postural, alimentación saudable, hixiene corporal e preparación da práctica motriz, asumindo responsabilidades e xerando hábitos e rutinas en situacións cotiás.	Aplicar distintas medidas posturais e hixiénicas que xeren hábitos e rutinas saudables.		
CA1.3 - Recoñecer a propia imaxe corporal e a dos demais, aceptando e respectando as características individuais, superando e rexeitando as condutas discriminatorias que se poidan producir en contextos de práctica motriz.	Recoñecer o noso corpo e o dos demais, respectando as diferencias individuais.		
CA1.4 - Mostrar unha disposición positiva cara á práctica física e cara ao esforzo, xestionando as emocións que xurdan en contextos de actividade motriz.	Mostrar boa disposición para o exercicio, controlando as emocións.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Desenvolver habilidades sociais de acollida, inclusión, axuda e cooperación ao participar en prácticas motrices variadas, resolvendo os conflitos individuais e colectivos de forma dialogada e xusta e mostrando un compromiso activo fronte aos estereotipos e ás actuacións discriminatorias e de violencia.	Desenvolver habilidades sociais para a resolución de conflitos que xurdan durante a práctica motriz.		
CA2.2 - Tomar medidas de precaución e prevención de lesións en relación coa conservación e mantemento do material e cos espazos e instalacións no marco das distintas prácticas físico-deportivas, coñecendo protocolos básicos de actuación ante accidentes que se poidan producir neste contexto.	Tomar medidas de prevención de lesións e coidar e conservar o material utilizado.		
CA3.4 - Reproducir distintas combinacións de movementos ou coreografías individuais e grupais con intención comunicativa e que transmitan sentimentos, emocións ou ideas a través do corpo, empregando os distintos recursos expresivos e rítmicos da corporalidade.	Reproducir diferentes coreografías sinxelas, que transmitan emocións ou ideas a través do corpo.		
CA4.1 - Mostrar unha disposición positiva cara á práctica física e cara ao esforzo, xestionando as emocións que xurdan en contextos de actividade motriz.	Mostrar boa disposición para o exercicio, controlando as emocións.		
CA4.2 - Respetar as normas consensuadas na clase, así como as regras de xogo, actuando desde os parámetros da deportividade e do xogo limpo e valorando as achegas dos participantes.	Respetar as normas e regras de todos os xogos, actuando con deportividade.		
CA4.3 - Desenvolver habilidades sociais de acollida, inclusión, axuda e cooperación ao participar en prácticas motrices variadas, resolvendo os conflitos individuais e colectivos de forma dialogada e xusta e mostrando un compromiso activo fronte aos estereotipos e ás actuacións discriminatorias e de violencia.	Desenvolver habilidades sociais para a resolución de conflitos que xurdan durante a práctica motriz.		
CA4.5 - Reproducir distintas combinacións de movementos ou coreografías individuais e grupais con intención comunicativa e que transmitan sentimentos, emocións ou ideas a través do corpo, empregando os distintos recursos expresivos e rítmicos da corporalidade.	Reproducir diferentes coreografías sinxelas, que transmitan emocións ou ideas a través do corpo.		
CA5.3 - Reproducir distintas combinacións de movementos ou coreografías individuais e grupais con intención comunicativa e que transmitan sentimentos, emocións ou ideas a través do corpo, empregando os distintos recursos expresivos e rítmicos da corporalidade.	Reproducir diferentes coreografías sinxelas, que transmitan emocións ou ideas a través do corpo.		
CA6.1 - Recoñecer a actividade física como alternativa de lecer saudable, identificando desprazamentos activos e sustentables e coñecendo os efectos beneficiosos desde o punto de vista físico, mental e social que supón adoptar un estilo de vida activo.	Recoñecer os beneficios da actividade física para a saúde en xeral.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.2 - Tomar medidas de precaución e prevención de lesións en relación coa conservación e co mantemento do material no marco das distintas prácticas físico-deportivas, coñecendo protocolos básicos de actuación ante accidentes que se poidan producir neste contexto.	Tomar medidas de prevención de lesións e coidar e conservar o material utilizado.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
CA4.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e diferentes ferramentas de expresión artística, incluídos os medios dixitais básicos, e mostrando confianza nas capacidades propias.	Individualmente realiza movementos corporais que representen as diferentes emocións traballadas.		
CA4.4 - Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas escénicas e performativas, de forma creativa, utilizando elementos básicos da expresión corporal e diferentes técnicas artísticas.	Participa nun grupo que diseña e interpreta unha pequena coreografía sobre unha música elixida e que empregue representación corporal das 6 emocións traballadas.		
CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifesta respecto na realización de actividades escénicas e performativas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias básicas de recepción activa. - O son e as súas calidades: identificación visual e auditiva, clasificación e representación elemental de diversidade de sons e estruturas rítmicas e melódicas a través de grafías convencionais e non convencionais. - A voz e os instrumentos musicais. Principais agrupacións e familias. Identificación visual e auditiva. Obxectos sonoros e instrumentos caseiros presentes na contorna do alumnado. - O tempo, o carácter e a dinámica: identificación dos máis característicos. - O pulso, o acento e o compás: identificación e diferenciación entre compás binario e ternario en fragmentos e pezas musicais seleccionadas. - Propostas musicais de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. - Estratexias básicas de análises de propostas musicais desde unha perspectiva de xénero.

Contidos

- Vocabulario específico de uso común en música.
- Recursos dixitais de uso común para música.
- Normas básicas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a audición.
- Práctica instrumental, vocal e corporal: experimentación, exploración creativa, interpretación e improvisación guiada a partir das súas posibilidades sonoras e expresivas. Respiración consciente e hixiene e corrección postural.
- Construción elemental guiada de obxectos sonoros e instrumentos sinxelos con materiais da contorna, especialmente de reciclaxe, e exploración das súas posibilidades sonoras.
- Linguaxes musicais: aplicación dos seus conceptos básicos na interpretación e na improvisación guiada de propostas musicais vocais e instrumentais. Recoñecemento e utilización do silencio na interpretación musical.
- Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación.
- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións musicais.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable durante a creación e a práctica musical.
- Estratexias básicas de recepción activa.
- Manifestacións básicas vinculadas á expresión corporal e ás artes escénicas e performativas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais.
- Estratexias básicas de análises de propostas escénicas e performativas desde unha perspectiva de xénero.
- Vocabulario específico de uso común nas artes escénicas e performativas.
- Recursos dixitais de uso común para as artes escénicas e performativas.
- Principais profesións vinculadas ás artes escénicas e performativas. Recoñecemento básico.
- Aproximación aos elementos básicos da representación escénica. Roles, materiais e espazos.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante
- O corpo e as súas posibilidades motrices e creativas: interese na experimentación e exploración a través de execucións individuais e grupais sinxelas vinculadas co movemento, coa danza, coa dramatización e coa representación teatral, como medio de expre
- Técnicas básicas dramáticas e dancísticas de uso común. Respiración consciente e hixiene e corrección postural. Linguaxes expresivas básicas. Actos performativos elementais. Improvisación guiada. Interese, práctica e confianza nun mesmo.
- Capacidades expresivas e creativas de uso común da expresión corporal e dramática.
- Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación.
- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións escénicas e performativas.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática

UD	Título da UD	Duración
4	Un cole de cine	6

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Seleccionar e aplicar estratexias básicas para a procura guiada de información sobre manifestacións culturais e artísticas musicais, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual e colaborativa.	Participa nun traballo grupal sobre música e danza galega tradicional.	TI	100
CA1.5 - Identificar os elementos característicos básicos das distintas manifestacións culturais e artísticas musicais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, indicando as canles, medios e técnicas utilizados, analizando as súas diferenzas e similitudes e reflexionando sobre as sensacións producidas.	Comparte sensacións producidas ante as manifestacións culturais e artísticas musicais propostas identificando algunha diferenza e similitude entre elas.		
CA2.2 - Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas musicais básicas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	Expresa, verbalmente e por escrito, os sentimentos e emocións experimentados trala interpretación de pequenas obras musicais seleccionadas.		
CA2.3 - Utilizar elementos básicos da linguaxe musical para interpretar propostas musicais básicas vocais e instrumentais, a través da vivencia destes.	Emprega a linguaxe musical para interpretación de propostas musicais.		
CA2.4 - Participar de maneira guiada no deseño de producións culturais e artísticas musicais, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final planificado e asumindo diferentes roles, desde a igualdade e o respecto á diversidade.	Participa en grupo na creación dunha pequena partitura de grafía non convencional orixinal, e que conteña algúns dos elementos traballados no curso, para ser explicada e interpretada ao resto.		
CA2.6 - Compartir as experiencias creativas musicais, empregando estratexias comunicativas básicas e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Goza coas experiencias creativas musicais realizadas explicando parte do proceso e o final obtido.		
CA3.2 - Describir características elementais de manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas explorando as súas características con interese, establecendo relacións básicas entre elas, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación escénica e performativa, e empregando o vocabulario específico básico destas.	Describe algún dos pasos da muiñeira, algúns elementos característicos do vestiario do baile tradicional galego e nomea algúns dos instrumentos tradicionais que adoitan interpretala.		
CA3.3 - Seleccionar e aplicar estratexias básicas para a procura guiada de información sobre manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual e colaborativa.	Participa nun traballo grupal sobre música e danza galega tradicional.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.4 - Identificar os elementos característicos básicos das distintas manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas que forman parte do patrimonio de diversas contornas, indicando as canles, medios e técnicas utilizados, analizando as súas diferenzas e similitudes e reflexionando sobre as sensacións producidas.	Comparte sensacións producidas ante as manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas propostas identificando diferenzas e similitudes entre elas.		
CA4.2 - Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas escénicas e performativas básicas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	Expresa, verbalmente e por escrito, os sentimentos e emocións experimentados trala interpretación de pequenas coreografías seleccionadas.		
CA4.3 - Participar de maneira guiada no deseño de producións culturais e artísticas escénicas e performativas, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final planificado e asumindo diferentes roles, desde a igualdade e o respecto á diversidade.	Participa en grupo na creación dunha pequena coreografía que inclúa unha parte para a improvisación libre.		
CA4.5 - Compartir as experiencias creativas escénicas e performativas, empregando estratexias comunicativas básicas e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Goza coas experiencias creativas realizadas explicando parte do proceso e o final obtido.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias básicas de recepción activa. - A voz e os instrumentos musicais. Principais agrupacións e familias. Identificación visual e auditiva. Obxectos sonoros e instrumentos caseiros presentes na contorna do alumnado. - O tempo, o carácter e a dinámica: identificación dos máis característicos. - O pulso, o acento e o compás: identificación e diferenciación entre compás binario e ternario en fragmentos e pezas musicais seleccionadas. - Propostas musicais de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. - Vocabulario específico de uso común en música. - Normas básicas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a audición. - Práctica instrumental, vocal e corporal: experimentación, exploración creativa, interpretación e improvisación guiada a partir das súas posibilidades sonoras e expresivas. Respiración consciente e hixiene e corrección postural. - Linguaxes musicais: aplicación dos seus conceptos básicos na interpretación e na improvisación guiada de propostas musicais vocais e instrumentais. Recoñecemento e utilización do silencio na interpretación musical. - Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación. - Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións musicais. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable durante a creación e a práctica musical. - Estratexias básicas de recepción activa.

Contidos

- Manifestacións básicas vinculadas á expresión corporal e ás artes escénicas e performativas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais.
- Vocabulario específico de uso común nas artes escénicas e performativas.
- Aproximación aos elementos básicos da representación escénica. Roles, materiais e espazos.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante
- O corpo e as súas posibilidades motrices e creativas: interese na experimentación e exploración a través de execucións individuais e grupais sinxelas vinculadas co movemento, coa danza, coa dramatización e coa representación teatral, como medio de expre
- Técnicas básicas dramáticas e dancísticas de uso común. Respiración consciente e hixiene e corrección postural. Linguaxes expresivas básicas. Actos performativos elementais. Improvisación guiada. Interese, práctica e confianza nun mesmo.
- Capacidades expresivas e creativas de uso común da expresión corporal e dramática.
- Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación.
- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións escénicas e performativas.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática

4.1. Concrecións metodolóxicas

A nivel de centro desenvolverase unha metodoloxía viva e activa. Os aspectos que vertebran a nosa filosofía educativa son os seguintes:

- Acompañamento emocional da infancia.
- Vínculo.
- Respecto polos ritmos individuais.
- Inclusión.
- Respecto polos procesos de aprendizaxe (vivenciación, manipulación, simbolización, abstracción e xeneralización).
- O movemento.
- Arte en todas as súas linguaxes.
- Tempos para dar resposta aos intereses individuais.
- Tempos para o xogo libre.
- Aprendizaxe competencial.
- Respecto.
- Igualdade.
- Ecoloxía e sostibilidade.
- Habilidades de pensamento que propicien actitudes críticas, coidadosas e creativas.
- Sentimento de grupo e aprendizaxe colaborativa.
- Contacto coa natureza.
- Diálogo.
- escoita.
- Tempos de calidade.
- Calma e goce.
- Participación activa das nenas e dos nenos na vida da escola (dar voz a través de asembleas e Consello Escolar da Infancia).
- Normas e límites.

A metodoloxía desta programación parte da descrición evolutiva presente na introdución que nos ofrece unha visión do noso alumnado en canto ao estadio madurativo, nivel de expresión e comunicación, habilidades psicomotoras, estruturación temporal, espacial, etc, algo esencial para aplicar os principios metodolóxicos

fundamentais en relación a centros de interese que articulan e configuran os contidos e obxectivos de cada Ud., favorecendo a interdisciplinabilidade, globalización e motivación do alumnado. Estes centros de interese veñen determinados polo calendario escolar, os días mundiais ou internacionais como o da poesía, biblioteca, do planeta, etc. e tamén as efemérides propias da nosa comunidade.

Dentro desta programación trátase con especial atención o papel activo da sociedade na educación, incluíndo ao alumno, profesor, familia, escola e outros entes sociais e culturais que cooperen nunha aprendizaxe global e interdisciplinar que saiba destacar as fortalezas e necesidades do entorno, orientando e completando a labor docente e traballo musical que recolle esta programación.

Esta programación pretende, mediante o traballo musical desenvolver a creatividade, hábitos saudables de control corporal, axudar á comprensión lectora, expresión oral e escrita durante o traballo de cancións, a comunicación audiovisual e Tics, desenvolver o emprendemento e autoestima e traballar a educación cívica e constitucional do alumnado.

A finalidade da educación primaria é a facilitación ao alumnado das aprendizaxes na expresión e comprensión oral, a lectura a escritura, o cálculo, a adquisición de nocións básicas en cultura e o hábito de convivencia, así como o estudo e traballo, o sentido artístico, creatividade e a afectividade, garantizando unha formación integral que contribúa ao pleno desenvolvemento da personalidade, co cal a metodoloxía educativa basearase nos principios de globalización, integración, significatividade, funcionalidade e interdisciplinabilidade, buscando que os contidos sexan o máis relevantes e interesantes posible para traballar e adquirir as Competencias Clave, Obxectivos Didácticos e consecuentemente os obxectivos de etapa, cun tratamento en espiral dos contidos.

Ademais destes principios, traballamos os seguintes:

- Actividade: entendendo este principio como a vivenciación e manipulación dos conceptos traballados desenvolvendo unha aprendizaxe integral, a nivel corporal, intelectual, social, interpretativo, etc. de todas as actividades presentadas. Implicación e participación activa.
- Unidade de teoría e práctica: todo concepto traballado ten aplicación práctica, e antecede ese carácter práctico ao traballo cognitivo na maioría dos casos.
- Creatividade: innovar, experimentar, improvisar e crear no campo musical.
- Socialización: desenvolvemento social satisfactorio e integración, trátase de crear alumnos dinámicos, tolerantes e respectuosos mediante as tarefas en grupo, parellas, etc.
- Carácter lúdico: preséntase o xogo como recurso didáctico, apórtase carácter lúdico ás actividades que lle confiren maior interese, motivación e diversión na súa realización.
- Resolución de problemas: desenvolvee fomenta e interacción para que o neno/a resolvacon autosuficiencia e seguridade os conflitos e dificultades nas actividades.

MODELO DIDÁCTICO: O modelo didáctico traballa con grupos, parellas, ensino recíproco, talleres prácticos (danza, canto, linguaxe...), rutinas e recunchos incidindo no traballo cognitivo e práctico.

Tamén se impulsa a participación dos pais mediante traballos de investigación como a creación dun cancionero, traballo do taboleiro de novas musicais e coa comunicación permanente na aula virtual e blog da aula de música. As actividades terán en conta o traballo da diversidade variando a dificultade e ritmos de aprendizaxe das tarefas, o grao de abstracción que necesitan, a súa adaptación ás finalidades pretendidas buscando captar a motivación, participación e interese do alumno.

Así temos os seguintes campos de traballo:

Percepción auditiva, OÍDO

Todo proceso musical traballa a percepción dos parámetros do son e silencio como actividade fundamental previa e posterior á audición, os musicogramas (Wuytack) e partituras reais adaptadas, motivase as audicións con explicacións, contos, imaxes, vídeos, dramatización, danzas, debuxo, poesía, karaokes musicais, empregado como apoio gráfico ao escoitado (Willems), escoitar sons propios da contorno e traballo con obxectos sonoros, explorando as súas posibilidades sonoras (Willems). As audicións non serán moi extensas para manter a atención dos discentes e débense empregar obras do folclore propio, Kodaly e do resto do mundo, para ir traballando elementos musicais de dinámica, timbres, rítmica, etc. de xeito, obras de todos os estilos musicais, achegando diversas culturas a dentro da aula.

As audicións e actividades de aula irán acompañadas dun musicograma e a súa correspondente partitura coa finalidade de que teñan un soporte gráfico polo cal guiarse e así ir familiarizándose coas gráficas formais e informais da linguaxe musical.

O profesor atenderá as distintas demandas do alumnado co cal as audicións programadas poderán variar a medida que avanza o curso, dependendo das propostas e intereses do alumnado e o centro.

As audicións están preparadas ao inicio da clase, para favorecer un bo aproveitamento da sesión, o cal introduce rapidamente ao alumnado na actividade e favorece a motivación por descubrimento.

Expresión vocal e canto, VOZ

Centrada na canción como base do coñecemento de musical, o proceso de ensino prodúcese por imitación, recoñecemento de intervalos, con consignas que eliminan a monotonía (imitando acentos, óperas...), e coa

lectoescritura.

Canto con naturalidade, sen forzar a voz na tesitura axeitada, co pulso e métrica correcta, xogos de palabras, coros rítmicos falados, recitados e dramatizacións, importancia da técnica vocal con exercicios específicos de afinación progresiva, relaxación respiración, bloqueo, dicción e control vocal. Imitación en eco, canto con acompañamento rítmico, melódico ou harmónico, audición interior que favoreza a memoria auditiva (Willems), improvisación, realización de acompañamentos sinxelos, cancións con xestos e de substitución (Wuytack), a altura relativa e fonimia de (Kodaly e Ward).

Expresión instrumental, INSTRUMENTOS

A práctica instrumental xera gran atracción no alumnado e emprégase durante a práctica, manipulación experimentación cos instrumentos musicais e colección de obxectos sonoros presentes na aula. Aplícanse os traballos en instrumental Orff a nivel rítmico e melódico, a percusión corporal e a linguaxe musical a nivel práctico e de lectura-escritura. Este traballo favorece a práctica amena, intercalando a linguaxe convencional e non convencional, sílabas preconcebidas (Kodaly), sílabas non preconcebidas (Orff), cancións de intervalos (Orff, Wytak). A improvisación en pentafonía e fórmulas forma parte primordial do traballo instrumental, (Willems).

Outros autores coñecidos que se aplican no traballo musical son Suzuki, traballando aspectos relacionados con audicións musicais e a implicación dos pais no proceso de ensinanza, de Schaffer a idea de que para ser músico non fai falla necesariamente saber música senón practicar e experimentar con ela, e tamén a incorporación das TICs na educación, a importancia do silencio e utilización de diagramas, de Paynter asimilo a idea de traballar todos os estilos musicais, e Martenot a memorización musical.

Tamén desfrutarán da visualización na aula de diversos instrumentos para ver a súa forma, sonoridade, materiais, etc.

Grafías musicais, LINGUAXE MUSICAL

Tratarase de introducir ao alumnado na lectoescritura formal e informal da linguaxe musical, entender os símbolos e a súa función pararexistrar a música como unha linguaxe totalmente particular.

Para esta tarefa cada unidade ten un apartado de traballo escrito, debuxo, colorear, e sobre todo visualización do musicograma e partitura da canción e audición principal de cada unidade, achegando así dende os primeiros cursos a grafía musical de xeito formal e informal como sistema de representación e seguimento de obras e audicións.

Expresión corporal e danza, O CORPO

O ensino musical procura que o discente utilice o seu corpo no desenvolvemento das capacidades musicais. Traballase a pulsación, cualidades do son, danza, ritmos, etc. apoiados en representacións corporais e movemento. O Movemento para interiorizar fórmulas rítmicas (Dalcroze), expresión corporal libre e dirixida sobre audicións, utilización de fichas rítmicas traballadas na actividade musical, marchas (Dalcroze), movemento libre, coordinacións estruturadas, pasos preconcebidos, danzas folclóricas e do mundo e a dramatización e expresividade en cancións mimadas.

A traves do corpo iniciananse nas actividades de comunicación global e coordinada con todos os compañeiros da clase. As posturas corporais, hixiene corporal, corrección na execución de movementos, lateralidade, desprazamentos, direccionalidade, xesto e mímica, ritmo e dinámica, etc. Serán os campos a traballar en este apartado, que busca a consolidación do esquema corporal e vivenciación dos contidos musicais, facer práctica a música.

O corpo será o primeiro e mellor instrumento co que iniciarse na formación instrumental, aportando control corporal da tonicidade, relaxación muscular, disociación e mellora do esquema corporal e lateralidade, o que redundará nunha mellora no traballo instrumental que precisa de manipulación de materiais musicais. A percusión corporal, a vivenciación do pulso coas marchas durante as audicións, a rítmica asociada á danza e movemento e a mímica nas representacións e escenificacións de pequenas obras tamén son factores claves traballados nesta programación que inciden no traballo corporal.

MÚSICA, CULTURA E SOCIEDADE

Dende o traballo usical achegaremos ao noso alumnado unha ampla aprendizaxe sobre a cultura e folclore propio, tradicións, música, lendas, cantigas, festexos, folclore, etc. e tamén de outros países e culturas, o cal incidirán nun coñecemento máis variado e amplo da cultura mundia, traballando un sistema de valores universal.

Tamén se fará fincapé co traballo do noticieiro dos eventos musicais e culturais presentes no contorno, animando ao alumnado a que poida presenciarlos e comentalos na clase como fonte de enriquecemento colectivo.

A programación fará unha visión histórica dos contidos musicais, o cal transportará ao alumnado a outras épocas con danzas, audicións de distintos estilos e épocas na historia analizando tamén as realidades sociais para comparalas coa nosa.

O XOGO

O xogo xunto coa canción son os mellores recursos para traballar a música, sobre todo en este curso con alumnado de seis e sete anos, posto que durante toda a etapa de infantil era o seu principal método de aprendizaxe, fundamental na concreción personalidade, socialización e como técnica de estudio e motivación. O xogo favorece a motivación no traballo, a competitividade encauzada e guiada de cara á mellora persoal e non para deixar en

evidencia aos compañeiros, co cal a docencia impulsa actividades de xogos con material específico de traballo da linguaxe musical mediante xogos onde paralelamente se realiza unha actividade cognitiva implícita que os alumnos e alumnas realizan inconscientemente con gran emoción e entusiasmo. Xogos coma os trens rítmicos, o pentagrama magnético, xogos en entornos dixitais e o taller de instrumentos son claros exemplos da presenza do xogo nas Unidades Didácticas, e tamén especialmente o traballo por recunchos, onde o alumno escolle e se fai responsable da súa actividade durante o tempo que se destine a esta actividade cada día.

CREATIVIDADE E IMPROVISACIÓN

A creatividade e improvisación favorecen que se explore de xeito máis rico e variado o campo musical. Non obstante, débese favorecer a seguridade, motivación e expresividade para educar en este sentido ao alumnado. A improvisación éríxese como recurso fundamental en todos os campos de traballo musical, a danza, instrumentos, voz, dramatización e creación musical, estimulando o talento e creatividade de cada alumno/a.

O clima de traballo debe ser distendido e motivador para que o alumnado poida explorar todo o seu potencial de xeito expontáneo e libre sen forzar as actividades na medida do posible para que así se fomente a autoestima e gusto musical propio, configurando un autoconceito positivo en base ao traballo musical.

As TICs

O tratamento das TIC realízase nunha serie de actividades de consecución das destrezas necesarias que permitan ao alumnado valerse por si mesmo na utilización de programas multimedia, a Internet e a autoaprendizaxe e o ocio por medio das TIC. A utilización do proxector e ordenador de aula cotiánmente, o recuncho das tics, cos dous ordenadores e tablet, o pequeno estudio de gravación que se crea na aula para a gravación de audio e vídeo en algunhas sesións, a utilización da aula de informática e calquera actividade na que se empreguen sistemas de tecnoloxía na reprodución, proxección ou visualización de contidos musicais.

O plurilingüismo

Resalta a importancia do coñecemento de novas linguas para desenvolver destrezas e capacidades que enriquecen a comunicación lingüística e a interculturalidade, despertando a curiosidade e interese por novas línguas, e anima a que durante a programación de música se poida traballar interdisciplinarmente algunha unidade coa asignatura de inglés, co cal durante o desenvolvemento da programación inclúense diferentes unidades didácticas que traballan tanto a lingua galega, como é propia do noso folclore e coñecemento do entorno, pero iranse incorporando tamén cancións e xogos en lingua castelá, inglesa e tamén distintas linguas de outras culturas e dialectos de países incidindo na pronunciación e dicción dos mesmos, traballando así unha aprendizaxe máis global e enriquecida.

PERFIL COMPETENCIAL DOCENTE.

En canto ao profesor debe ser innovador e dinamizador, capaz de captar a atención do alumnado despertando a súa curiosidade e motivación para xerar un ambiente de comunicación e reflexión conxunta. É un profesor seguro e con amplo coñecemento musical e didáctico, modelo e referente do alumnado, bo comunicador e próximo cos discentes, avogando por un bo ambiente de aula con estratexias e actividades variadas.

Debe desenvolverse con soltura nos entornos dixitais, fomentando o uso das novas tecnoloxías da educación tan presentes na actualidade e como nos indica o DECRETO 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo na ensinanza non universitaria de Galicia debe dominar o Inglés para introducirlo como traballo de reforzo interdisciplinarmente e global en algunha unidade mediante o traballo de cancións, audicións e con pequenas frases que axuden a acadar a competencia lingüística en unha lingua extranxeira.

ORGANIZACIÓN ESPACIAL .

A organización espacial da aula realízase en zonas que permitan agrupamentos diversificados e o traballo cooperativo, zona de traballo teórico, encerado, etc., zona de instrumental onde todo o instrumental estará visible e en disposición de ser utilizado, zona de vídeo e pantalla e ampla zona de danza e movemento. Os alumnos e alumnas serán as encargadas de manter a aula ordeada e traballar nos recunchos co material existente de xeito coidadoso, fomentando a autonomía durante o seu traballo.

ESTRUCTURACIÓN TEMPORAL

A estruturación temporal das unidades didácticas permitirá, no seu conxunto, o traballo da totalidade dos contidos do currículo, así como dos elementos transversais, dos obxectivos da etapa e están pensadas para a consecución do logro de cada un dos criterios de avaliación (CA) establecidos, ou, alomenos, os mínimos de consecución correspondentes, así como para a progresiva adquisición das competencias clave correspondentes de cara ao perfil de saída do alumnado ao remate da educación primaria.

A UD4, que viaxa ao longo do tempo ao estar en cada un dos 3 trimestres, non está concibida para ser levada a cabo anterior ou posteriormente de xeito estrito ás UD1, UD2 e UD3, respectivamente; de feito, o seu desenvolvemento está pensado para ser non só intercalado ao longo do resto das UD, senón incluso na mesma sesión, de xeito que aporte unha dinámica variada e flexible tanto á persoa docente, por un lado, como para o enriquecemento do alumnado, polo outro.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Instrumentos de percusión de altura indeterminada (PAI) e de percusión de altura determinada (PAD)
Encerado dixital
Ordenador: con diferentes aplicacións e programas de software libre (Plan Dixital): reprodución audio e vídeo, editor de partituras, gravación, etc.
Altofalantes
Piano electrónico
Micrófono/s, pé/s de micro e cableado
Páxina web do centro: sección Aula de Música e Danza/Aula Virtual
Frauta doce
Guitarra e ukeleles
Tablets e ordenadores
Xogos musicais
Materiais de reciclaxe para o taller de instrumentos

As sesións de Educación Musical, tanto en Educación Infantil como en Primaria, lévanse a cabo na aula de música, situada na planta baixa do centro, se ben é posible que algunhas actividades puntuais se leven a cabo na aula de referencia de cada curso así como en espazos exteriores.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Revisados os informes individualizados do noso alumnado, levarase a cabo unha proba co fin de coñecer o punto de partida real deste curso; de especial interese é a información deste ampliada por parte das persoas titoras do curso anterior ao ser posible unha reunión presencial con estas dado que continúan no equipo docente do centro.

Esta avaliación inicial levarase a cabo na 1ª e/ou 2ª sesión/s, para poder establecer uns criterios claros do nivel mínimo da clase en xeral, e de cada alumna/o en particular. Neste eido cómpre ter en conta:

- Alumnado do centro, do cal a persoa docente desta materia é máis coñecedora ao formar parte do equipo docente o curso anterior

- Alumnado de nova incorporación, do cal só hai referencias previas dos informes individualizados

Dita proba consistirá de:

- Unha execución guiada dunha selección específica de xogos/exercicios/cancións/fragmentos que traballen os aspectos vocal, corporal e motriz e cuxa observación directa será reflectida nun rexistro: eiquí inclúese a comprobación do nivel de dominio con algún/s instrumento/s PAI, PAD.

- Unha ficha escrita para comprobar o coñecemento, fundamentalmente, de elementos da linguaxe musical dos cursos anteriores.

A partir do conxunto de datos obtidos do anteriormente citado tratarase co DO (ou alomenos comunicaranse, e a través da titoría, aquelas medidas que xa pode realizar e/ou realizará a persoa docente na aula, como por exemplo un reforzo dentro desta ou unha atención máis individualizada); de ser posible e/ou necesario sería importante e interesante que esta xuntanza fose xunto coa persoa titora e co resto de equipo docente da aula para poder convir o modo de intervención daquelas posibles dificultades atopadas, especialmente das que precisen persoal docente adicional e/ou solicitude ao DO.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	30	25	25	20	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

Os CA da presente PD serán avaliados por medio dunha táboa de indicadores, da cal se levará un rexistro cunhas escalas de valoración/rúbrica.

A nota trimestral, no tocante o que ás UD se refire, será a seguinte:

-1º trim.: UD1 80% + UD4 20%

-2º trim.: UD2 80% + UD4 20%

-3º trim.: UD3 80% + UD4 20%

O 100% da nota da avaliación final obterase do xeito seguinte:

- 1º trim. 30%

- 2º trim. 30%

- 3º trim. 40%

Cando a cualificación obtida, tanto trimestral como final, for un resultado con decimais, por defecto aplicarase o seguinte:

- Se o decimal está entre 0 e 49 o número da nota enteira será o mesmo que sen decimais.

- Se o decimal está entre 5 e 99 o numero enteiro redondearase para o inmediatamente superior.

En calquera caso, se por análise da persoa docente e/ou o conxunto da Xunta de Avaliación, a progresión do alumnado argumenta a este/a/s a conveniencia de non aplicar o anterior por defecto, atendendo a razóns pedagóxicas, isto será o que prevalecerá.

Criterios de recuperación:

Aquel alumnado que non tivese acadado os mínimos de consecución de cada CA ó final de cada UD poderá recuperalos ao final de cada trimestre. Isto tería lugar cara a segunda semana de decembro, marzo e xuño, respectivamente. Neste centro, de ser este o caso, o procedemento será o seguinte:

- Comunicación disto á familia (e paralelamente á persoa docente titora mediante correo electrónico) a través da axenda do alumnado e/ou do Abalar. Nesta especificarase aquel/es mínimo/s de consecución que se precisa/n acadar, o que corresponda para tal fin (e sempre en concordancia co instrumento de avaliación correspondente reflectido na presente PD: p. ex. repetición dun traballo e/ou parte deste e/ou dunha interpretación instrumental, etc.).

- Ademais, de especial importancia e interese resultará trasladar esta información ao alumnado: isto farase de xeito individual e entregándolle unha folla que recollerá o que precisa realizar para acadar ese/s mínimo/s de consecución, explicándolle isto verbalmente e resolvéndolle as posibles dúbidas ao respecto.

Se este/s mínimo/s de consecución non fose/n acadado/s trimestralmente isto poderá ser recuperado de cara á avaliación final. De ser así cómpre diferenciar entre dous aspectos:

- Se se trata de algo máis ben específico (por ex.: un traballo a entregar) seguirá o mesmo procedemento referido anteriormente e terá lugar durante a primeira quincena de xuño.

- Se se trata dun aspecto de adquisición meramente progresivo (por ex.: coñecementos de linguaxe musical ou cuestións técnicas interpretativas) que non foi quen de superar anteriormente pero si no último trimestre darase isto por superado. Téñase en conta que por un lado, na UD3 do 3º trimestre recóllense os contidos e CA das UD1 e UD2, así como a UD4 trabállase en todos os trimestres, dotando así dunha dimensión práctica e operativa a indiosincrasia desta materia no que á avaliación continua se refire.

6. Medidas de atención á diversidade

Non todo o alumnado aprende da mesma forma e ao mesmo ritmo; por iso realizaranse actividades a distinto nivel:

- Actividades programadas para todo o grupo.
- Actividades de reforzo para o alumnado cun ritmo lento e baixa comprensión.
- Actividades de ampliación para alumnado cunha aprendizaxe máis rápida.
- Xogos/Actividades adicionais para aquel alumnado que remate antes as tarefas individuais/grupais da clase.

Porase énfase na detección temperá do alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria. Así, tan rápido como se detecten dificultades específicas de aprendizaxe farase un reforzo educativo coa finalidade de que este adquira os coñecementos necesarios para continuar o proceso educativo.

No caso de alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso seguiranse as indicacións establecidas no artigo 50 da ORDE do 8 de setembro de 2021 (de atención á diversidade) en relación ao preceptivo plan específico de reforzo, que ten como obxectivo atender e superar as dificultades que levaron a esa repetición.

Tamén se farán adaptacións curriculares significativas para aquel alumnado que presente necesidades educativas especiais onde se reducen e simplifican actividades mostrando a forma máis sinxela de facelas.

No caso de alumnado con altas capacidades ampliáranse os seus coñecementos debido á súa rápida aprendizaxe.

Alumnado inmigrante con descoñecemento da lingua, tanto de incorporación ao inicio como ao longo do curso: solicitarase levar a cabo a valoración polo Departamento de Orientación para determinar o nivel curricular. Establecerase Reforzo Educativo, para o cal non se precisa necesariamente intervención do DO; traballarase máis na comunicación a través de imaxes e no aspecto da recepción e na vivencia musical e da danza, de xeito que se faga fincapé na integración e inclusión deste tipo de alumnado co resto da clase.

Dependendo da casuística do alumnado cómpre ter en conta diferentes consideracións á hora de traballar, tales como: emprego de grafías de maior tamaño; priorización dalgunha das linguaxes e/ou formas de comunicación: oral, escrita, visual e/ou táctil; énfase no aspecto de índole globalizador, coordinación motriz, lateralidade e/ou psicomotricidade fina, etc.

Con alumnado con deficiencias auditivas cómpre diferenciar entre aquel hipoacústico, co que o obxecto principal é desenvolver a audición no marco da linguaxe, interpretando cancións e exercicios de discriminación auditiva, e o anacúsico, co que o obxectivo principal é estimular a lectura de beizos e axudarlles na súa toma de conciencia sobre as vibracións que o rodean, para o que se lle axudará, sobre todo, cos sentidos da vista e do tacto.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual				X
ET.4 - Competencia dixital			X	X
ET.5 - Fomento da creatividade, espírito científico e do emprendemento	X	X	X	X
ET.6 - Igualdade entre homes e mulleres	X	X	X	X
ET.7 - Educación para a paz e prevención e resolución pacífica de conflitos		X		

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4
ET.8 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible		X		
ET.9 - Educación para a saúde	X	X	X	X

Observacións:

As competencias marcadas como transversais á programación son abordadas diariamente no desenvolvemento das sesións e metodoloxía de aula onde se perseguen o ideario de centro que busca a investigación, autorrealización, desenvolvemento emocional e inclusión igualitaria do grupo.

A maiores afondarase na educación para o consumo responsable con un taller de construción de instrumentos, a competencia dixital no traballo de edición dixital e audiovisual e creación musical propia.

A paz e resolución de conflitos afóndase na propia conmemoración do día da paz e diariamente na realización pacífica e resolución pacífica dos conflitos que surxan durante o traballo de aula.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Obradoiro de danza tradicional galega	Obradoiro de danza tradicional galega no 1º trimestre no centro, e en relación á UD4, a cargo dunha das Asociacións Culturais da contorna a cal interpreta conxuntamente tanto a música como a danza.	X		
SAMAÍN	Traballo dunha peza relativa a esta celebración a nivel vocal e teatral.	X		
MAGOSTO	Interpretación de pezas populares galegas relativas ao outono, bailes, xogos e trabalínguas en referencia á festa do magosto para realizar ao aire libre o día do magosto.	X		
NADAL	Realización dun teatro musical.	X		
DIA DA PAZ	Traballo dunha canción ou Libup relacionada coa paz a tolerancia e respecto de todas as culturas incorporando unha coreografía sinxela para ser executada por todo o colexio.		X	
ENTROIDO	Traballamos a música percusiva, batucadas e tamboradas para acompañar o desfile de disfraces, incorporamos unha pequena representación acorde á temática do disfraz a música do desfile.		X	
DIA DO LIBRO	Proposta de lectura de libros musicais e contos de temática musical, reparto de libros na aula de música para espertar a curiosidade dos alumnos/as		X	
OS MAIOS	Creación e canto de pequenas coplas de maios acompañadas coa guitarra e claves musicais para gravalas o dentro da aula.			X
LETRAS GALEGAS	Traballo na aula do folclore galego como seña de identidade na nosa Comunidade Autónoma, musicalización dalgún texto do autor en cuestión.			X

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Colaboración no Xornal do Centro	No 3º trimestre colabórase elixindo un dos traballos grupais realizados durante o curso para editar no Xornal.			X
FIN DE CURSO	Actuación musical de fin de curso, canto e baile para despedir o curso de xeito divertido.			X

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Adecuouse o deseño das UD ás características e necesidades do alumnado.
Funcionalidade da PD: revisouse ao longo do curso e foi práctica e útil para acadar os obxectivos propostos.
Cumpríuse a temporalización inicialmente establecida.
Máis do 80% do alumnado superou a materia.
Metodoloxía empregada
A persoa docente empregou as metodoloxías reflectidas na PD.
Leváronse a cabo as medidas de atención á diversidade e foron efectivas.
Conseguíuse a participación activa de todo o alumnado
Medidas de atención á diversidade
Usáronse distintos instrumentos de avaliación.
Clima de traballo na aula
Realizouse unha enquisa ao alumnado sobre a práctica docente.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Aportouse información ao persoal docente titor.
Apoiouse a implicación das familias no traballo do alumnado.

Descrición:

En liñas xerais, farase un seguimento trimestral para a comprobación dos indicadores de logro.

A enquisa ao alumnado realizarase cara o remate do 3º trimestre, e incluíranse, entre outras, unha pregunta de escala na que este valore a facilidade coa que comprendeu as instrucións dadas, así como outra/s relacionada/s sobre a adecuación do deseño das UD en base ás súas necesidades.

De cara a reflectir a comunicación realizada da información ao persoal titor será suficiente con que este último así o faga constar nas correspondentes actas de ciclo e/ou en cada unha das actas posteriores á Xunta de Avaliación trimestral; neste centro a comunicación da información será, polo xeral, a través dunha pequena xuntanza, podendo

ampliarse esta a través de comunicación electrónica.

Na funcionalidade da PD tamén se incluírán observacións das posibles necesidades e/ou propostas de cambio, reflectindo, especialmente, e entre outros puntos, se o número de sesións se adecúan e se estas son suficientes, de cara á elaboración de seguintes PD.

Ao mesmo tempo, o referido seguimento desta funcionalidade da PD, así como o cumprimento da temporalización, o emprego das diferentes metodoloxías e instrumentos de avaliación e as medidas de atención á diversidade faranse a través do propio PROENS, pois estas veñen eiquí recollidas.

Para medir a consecución da participación activa de todo o alumnado e o apoio de implicación das familias no traballo do alumnado reflectirase o índice destes no rexistro diario de aula.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Tralo remate de cada trimestre revisárase a PD. Dita revisión terá en conta os seguintes puntos:

1. Seguimento da PD no apartado correspondente do PROENS:

- Reunións trimestrais do equipo docente da coordinación de ciclo.
- No tocante ás UD: data de inicio e final, número de sesións previstas e realizadas.
- Grao de cumprimento da PD con carácter xeral dos indicadores de logro desta.
- Propostas xerais de mellora e outras observacións.

2. Análise da situación no tocante ás dificultades atopadas no alumnado:

Se os resultados fosen positivos continuarase na mesma liña de traballo.

Se os resultados fosen negativos levaranse a cabo propostas de mellora.

Accións de mellora:

- Ofrécese ao alumnado as explicacións individualizadas.
- Elaboración de actividades atendendo ás dificultades mostradas.
- Probas de avaliación de distinta dificultade.
- Comentar co alumnado os fallos máis significativos dos traballos realizados.

En función do anterior:

- Revisión das necesidades de atención educativa (apoio, reforzo, ACS, etc.)

3. Actividades complementarias (realizadas ou non).

A avaliación dos datos recollidos farase mediante o cadro referido no apartado 8.1. ao que se lle engadirá, a maiores, os cadros precisos que inclúan a información adicional do presente apartado xunto coa información e resultados destes; posteriormente incluíranse como anexo nas correspondentes actas da coordinación de ciclo. Así mesmo, esta información será incluída na memoria final da materia, con especial relevancia nas posibles propostas de mellora para levar a cabo no seguinte curso académico.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36013059	CEIP de Viñagrande-Deiro	Vilanova de Arousa	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Medidas de atención á diversidade
Leváronse a cabo as medidas de atención á diversidade e foron efectivas.
Clima de traballo na aula
Conseguíuse a participación activa de todo o alumnado.

Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Aportouse información ao persoal docente titor.
Apoiouse a implicación das familia no traballo do alumnado.
Outros
Realizouse unha enquisa ao alumnado sobre a práctica docente.

Descrición:

En liñas xerais, e agás a enquisa, farase un seguimento trimestral para a comprobación dos indicadores de logro; neste senso, un cadro destes xunto co seu resultado incluírase, alomenos, nas correspondentes actas de ciclo.

A enquisa ao alumnado realizarase cara o remate do 3º trimestre, e incluírse, entre outras, unha pregunta de escala na que este valore a facilidade coa que comprendeu as instrucións dadas, así como outra/s relacionada/s sobre a adecuación do deseño das UD en base ás súas necesidades.

De cara a reflectir a comunicación realizada da información ao persoal titor será suficiente con que este último así o faga constar nas correspondentes actas de ciclo e/ou en cada unha das actas posteriores á Xunta de Avaliación trimestral; neste centro a comunicación da información será, polo xeral, a través dunha pequena xuntanza, podendo ampliarse esta a través de comunicación electrónica.

Na funcionalidade da PD tamén se incluírán observacións das posibles necesidades e/ou propostas de cambio, reflectindo, especialmente, e entre outros puntos, se o número de sesións se adecúan e se estas son suficientes, de cara á elaboración de seguintes PD.

Ao mesmo tempo, o referido seguimento desta funcionalidade da PD, así como o cumprimento da temporalización, o emprego das diferentes metodoloxías e instrumentos de avaliación e as medidas de atención á diversidade faranse a través do propio PROENS, pois estas veñen eiquí recollidas.

Para medir a consecución da participación activa de todo o alumnado e o apoio de implicación das familias no traballo do alumnado reflectírase o índice destes no rexistro diario de aula.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Tralo remate de cada trimestre revisarase a PD. Dita revisión terá en conta os seguintes puntos:

1. Seguimento da PD no apartado correspondente do PROENS:
 - Reunións trimestrais do equipo docente da coordinación de ciclo.
 - No tocante ás UD: data de inicio e final, número de sesións previstas e realizadas.
 - Grao de cumprimento da PD con carácter xeral dos indicadores de logro desta.
 - Propostas xerais de mellora e outras observacións.

2. Análise da situación no tocante ás dificultades atopadas no alumnado:
 - Se os resultados fosen positivos continuarase na mesma liña de traballo.
 - Se os resultados fosen negativos levaranse a cabo propostas de mellora.

Accións de mellora:

- Ofrécese ao alumnado as explicacións individualizadas.
- Elaboración de actividades atendendo ás dificultades mostradas.
- Probas de avaliación de distinta dificultade.
- Comentar co alumnado os fallos máis significativos dos traballos realizados.

En función do anterior:

- Revisión das necesidades de atención educativa (apoio, reforzo, ACS, etc.)

3. Actividades complementarias (realizadas ou non).

A avaliación dos datos recollidos farase mediante o cadro referido no apartado 8.1. ao que se lle engadirá, a maiores, os cadros precisos que inclúan a información adicional do presente apartado xunto coa información e resultados destes; posteriormente incluíranse como anexo nas correspondentes actas da coordinación de ciclo. Así mesmo, esta información será incluída na memoria final da materia, con especial relevancia nas posibles propostas de mellora para levar a cabo no seguinte curso académico.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36013059	CEIP de Viñagrande-Deiro	Vilanova de Arousa	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Proxecto competencial	3º Pri.	1	35

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	3
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	4
4.1. Concrecións metodolóxicas	6
4.2. Materiais e recursos didácticos	6
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	7
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	7
6. Medidas de atención á diversidade	8
7.1. Concreción dos elementos transversais	8
7.2. Actividades complementarias	9
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	10
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	10
9. Outros apartados	11

1. Introducción

A presente programación didáctica está elaborada para a materia de Proxecto Competencial do terceiro curso de Educación Primaria, ten como referencia o currículo que establece o Decreto 155/2022 do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Para a elaboración das unidades didácticas que desenvolverá a programación tívose como referencia o desenvolvemento das competencias clave, dos contidos, dos obxectivo e do traballo de elementos transversais mediante a realización de proxectos significativos para o alumnado.

Esta materia configurarase neste curso como un proxecto interdisciplinar en colaboración con distintos axentes sociais e nela buscarase a resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Concretar un plan de traballo para a realización dun proxecto ou a resolución dun problema a través da definición de obxectivos e das accións para acadalos, tendo en conta as necesidades da contorna.	1			1	1-5	3	1-2-3	
OBX2 - Desenvolver o proxecto segundo a planificación prevista mobilizando conxuntamente as competencias transversais que se requiran.	1-3		5	3	1-3	2	3	
OBX3 - Presentar os resultados asociados ao proxecto competencial empregando dun xeito respectuoso estratexias e ferramentas de comunicación adecuadas cunha linguaxe verbal e corporal positiva, control das emocións negativas e, de ser o caso, co uso de recursos informáticos e audiovisuais.	1-5	3	3	2-3	1-3			3-4

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Xogos de mesa e tradicionais; normas e roles.	Coñeceremos as normas de variados xogos de mesa e tradicionais para analizar os comportamentos de xogos en equipo, xogos competitivos, as noras e os roles a	20	10	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Xogos de mesa e tradicionais; normas e roles.	asumir tanto en xogos tradicionais ou de mesa.	20	10	X		
2	Como xogamos.	Práctica dos diferentes xogos e organización de torneos.	40	15		X	
3	Creamos xogo.	Elaboración das normas e materiais dun xogo propio para poder expoñer no centro.	40	10			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Xogos de mesa e tradicionais; normas e roles.	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Recoñece as regras que rixen cada xogo e os roles que hai que desenvolver neles.	TI	100
CA1.2 - Valorar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	Explora diferentes xogos e practica con eles.		
CA1.3 - Identificar e seleccionar a información que se precisa.	Identifica e selecciona a información necesaria para a realización do proxecto.		
CA1.4 - Realizar, de xeito guiado, a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	Iniciase na temporalización das distintas fases do proxecto.		
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.	Soluciona incidencias que poidan xurdir.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Procura e selección de información relacionada cos proxectos.
- Planificación: secuenciación e temporalización.

UD	Título da UD	Duración
2	Como xogamos.	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.	Executa as actuacións planificadas.	TI	100
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Aplica os coñecementos axeitados.		
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Emprega oa recursos e os materiais que precisano para o proxecto.		
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Soluciona as incidencias xurdidas.		
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Valora os resultados logrados.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Execución de proxectos: dinámicas e roles.

UD	Título da UD	Duración
3	Creamos xogo.	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	Presenta o xogo á aula e comunidade educativa.	TI	100
CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Emprega unha linguaxe verbal con corrección e claridade.		
CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Emprega unha linguaxe corporal e a presenza escénica axeitadas.		
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	Potencia as emocións positivas na exposición.		
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	Emprega recursos dixitais e plásticos na presentación do proxecto.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta.
- Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Ao longo de todo o curso levarase a cabo o seguinte proxecto: "Emocións, mostramos a vosa importancia!".

As actividades propostas ao longo do curso están dirixidas a reforzar os aspectos máis transversais do currículo, favorecendo a interdisciplinabilidade e a conexión entre os distintos tipos de coñecemento.

O proxecto será realizado en grupos de traballo colaborativo, nos cales cada alumna ou alumno traballan en equipo, pero tamén asumen tarefas individuais que integrarán o resultado final do proxecto.

Na PRIMEIRA AVALIACIÓN, explícase a finalidade do proxecto: recoñecer, identificar e coñecer as emocións e os sentimentos máis importantes para as persoas, a través e imaxes, curtametraxes, videos, contos, libros, artigos de xornais ou de revistas, etc.

Cada neno ou nena traballará coas emocións de forma individual e en grupo colaborativo ou cooperativo os diferentes elementos do tema.

Farase un plan de traballo, planificando tarefas, tempos, recursos e materiais que se van empregar.

Na SEGUNDA AVALIACIÓN, os nenos e nenas de forma individual e en grupos cooperativos, terán que empregar toda a información recollida das distintas emocións traballadas e identificadas na primeira avaliación.

Para neste momento, con todo o material atopado, comezar a crear e elaborar o seu produto final: cromos sobre as diferentes emocións, creando así o seu propio "Album de cromos das súas emocións".

Na TERCEIRA AVALIACIÓN, o alumnado presentará de forma individual o seu traballo ao resto do grupo, para entre todos os nenos e nenas formar o produto final.

Terán liberdade no emprego de materiais e modelos, dándolle a máxima difusión.

O proxecto poderá ser difundido nunha exposición, nun mural, etc.

Neste proxecto, trabállanse as todas as competencias clave desenvolvendo o proceso de ensinanza .- aprendizaxe de forma interdisciplinar.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Caderno/ cartafol de aula
Ordenador, tabletas, tableiros dixitais, etc ...
Material funxible: cartolinas, pegamento, tesoiras...
Libros, xornais, imaxes, fotos, ...
Material de elaboración propia
Material manipulativo
Materiais audiovisuais: curtas, vídeos, etc
Xogos de mesa ou tradicionais.

O espazo habitual no que se desenvolverán as clases consiste nunha aula convenientemente equipada cun encerado dixital, dispoñendo o alumnado de mesas de traballo, o que facilitará os necesarios cambios na súa distribución para o traballo individual ou grupal.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao comezo do curso e durante o primeiro mes escolar, realizarase unha avaliación inicial coa finalidade de adecuar as ensinanzas ao alumnado e facilitar a progresión satisfactoria no seu proceso de aprendizaxe, incidindo na obtención de información sobre o grao de desenvolvemento das competencias clave.

Esta avaliación incluírá a análise dos informes persoais anteriores e completaráse coa información obtida das familias e do profesorado.

A avaliación inicial será o punto de referencia para a toma de decisións relativas ao desenvolvemento do currículo nas programacións de aula, así como para adoptar aquelas medidas de apoio ou reforzo que consideren oportunas para cada alumna ou alumno.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	20	40	40	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

A avaliación destas áreas será de carácter continua, polo que a cualificación ordinaria de final de curso será correspondente a nota numérica da 3ª avaliación.

Para levar a cabo a avaliación desta área empregaremos: listaxes de observación, traballo de búsqueda, producións do alumnado, porfolio e caderno de aula.

Desta forma avaliaremos na:

- PRIMEIRA AVALIACIÓN: Diario de clase cos xogos presentados en aula para o seguimento dos diferentes grupos de traballo así como as exposicións dentro de aula entre grupos.
- SEGUNDA AVALIACIÓN: Práctica dos xogos e organización dos campionatos.
- TERCEIRA AVALIACIÓN: Elaboración do material e exposición final do xogo propio a todo o centro.

As porcentaxes de peso para a nota numérica será:

- Produccións do alumando (50%) as cales poden ser moi variadas segundo o momento ou os contidos traballados:
 - Expresión oral
 - Expresión escrita
 - Expresión artística
 - Expresión vivencial
 - Comprensión oral
 - Comprensión escrita
- Traballo en equipo (50%)
 - Respecto polo traballo e polos compañeiros/as
 - Participación activa no traballo

Actitude positiva e axeitada ante o proceso de ensinanza - aprendizaxe
A resolución do conflito.

Criterios de recuperación:

No caso de que un alumna/o non realice as tarefas asignadas ou non coopere adecuadamente no grupo de traballo dificultando o desenvolvemento do proxecto, terá que realizar tarefas específicas e pautadas para traballar diferentes aspectos relacionados co proxecto.

A nota calcularase en función a unha lista de observación na que se avalían distintos aspectos tales como: presentación da tarefa, orde, caderno ou cartafol se traballo, contidos traballados, participación e actitude nas actividades e xogos propostas.

6. Medidas de atención á diversidade

As medidas con carácter curricular son o reforzo educativo e as adaptacións curriculares que se levan a cabo con algúns/algúns estudantes.

O reforzo educativo realízase dentro da aula ordinaria polo mestre/a titor/a e, noutras ocasións, pola mestra especialista en pedagogía terapéutica dentro da medida das súas posibilidades ou pola mestra ou mestre de apoio. Reciben este tipo de reforzo aqueles/as alumnos/as que coa modificación de elementos non prescritivos do currículo, é dicir, a secuencia de contidos, as formas e instrumentos de avaliación, a organización da aula, os agrupamentos dos alumnos/as e todo aquilo incluído dentro do ámbito da metodoloxía, poden seguir o proceso ordinario de ensino/aprendizaxe.

Por outra banda, a adaptación curricular (medida extraordinaria) refírese ás modificacións dun ou máis elementos prescritivos do currículo, como son obxectivos, contidos e criterios de avaliación, para atender ás necesidades educativas dun alumno/a motivadas tanto por unha determinada dificultade persoal coma polas súas capacidades excepcionais.

Os obxectivos poden pertencer, se é o caso, a outro curso ou etapa distinto do que cursa o alumno/a obxecto de adaptación curricular.

Os nenos/as con adaptacións curriculares reciben apoio por parte da mestra de pedagogía terapéutica e, se é o caso, por parte da mestra de audición el linguaxe.

Para dar resposta a estas necesidades, empregaremos, en función das necesidades:

- Apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria.
- Adaptación dos tempos
- Traballo individual ou en pequeno grupo.
- Deseño universal de aprendizaxe (DUA).
- Aprendizaxe por ambientes, procesos, proxectos e contextos.
- Aprendizaxe manipulativo (OAOA, Montessori, Waldorf, pedagogías vivas e activas...).

Adamais, traballarase en continua colaboración co Departamento de Orientación do centro educativo.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Comprensión lectora e oral	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X
ET.3 - Comunicación Audiovisual	X	X	X
ET.4 - Respeto mutuo e cooperación entre iguais.	X	X	X
ET.5 - Fomento da Creatividade	X	X	X
ET.6 - Educación en valores	X	X	X
ET.7 - Espírito Crítico	X	X	X
ET.8 - Igualdade entre mulleres e homes	X	X	X
ET.9 - Valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo , a paz, a democracia e o respecto polos dereitos humanos.	X	X	X

Observacións:

No deseño de actividades á hora de traballar en grupo ou de forma individual:

Fomentaranse de maneira transversal_

- competencia Dixital
- a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual
- a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable
- a resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social
- valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos.
- valores que sustentan a non discriminación
- afianzar o espírito emprendedor
- aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo/a e o sentido crítico.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Pequenos torneos e actividades de xogo.	Realizaranse ao longo do curso no colexio	X	X	X
Videotutoriais e análise dos contidos explicativos na rede.	Realizaranse ao longo do curso no colexio	X	X	X
Exposicións de xogos e recomendacións para os compañeiros/as.	Realizaranse ao longo do curso no colexio	X	X	X

Observacións:

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS:

Participaremos en todas aquelas actividades propostas polos diferentes equipos do centro: ENDL, Biblioteca...

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
7.Instrucións e orientacións ao traballo do alumnado.
9.Seguimento (control do proceso de Ensinanza-Aprendizaxe) e uso de distintos instrumentos de avaliación.
Metodoloxía empregada
1.Motivación ao longo do proceso de ensinanza - aprendizaxe do alumando.
2 .Presentación axeitada e motivadora dos conceptos.
3. Actividades variadas na aula.
4.Nivel de dificultade axeitado ás características do alumnado.
6 .Organización da aula, cunha boa organización do tempo e dos agrupamentos.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
5.Recursos variados para a presentación de contidos e realización de tarefas.
Medidas de atención á diversidade
10.Atención á diversidade con medidas organizativas axeitadas para atender ao alumnado.
Clima de traballo na aula
8.Clima de traballo favorecedor para o fomento do respecto e a colaboración entre o alumnado.

Descrición:

Avaliarei a miña práctica docente empregando os indicadores anteriormente recollidos, empregando unha escala de observación de elaboración propia.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Neste apartado preténdese promover a reflexión da práctica docente e a autoavaliación da realización e o desenvolvemento da programación didáctica.

Toda a programación está suxeita a ser revisada con continuidade có obxectivo de adaptar o proceso de ensino-aprendizaxe aos diferentes ritmos, intereses e necesidades do alumnado.

Durante o desenvolvemento das diferentes Unidades Didácticas e ao remate das mesmas, levarase a cabo unha avaliación obxectiva coa finalidade de mellorar o proceso de ensino-aprendizaxe. Proponse unha secuencia de

preguntas que permitan avaliar o funcionamento do programado na aula e establecer estratexias de mellora para a propia unidade.

Este proceso permitirá unha reflexión sobre a nosa práctica docente e posibilitará a introdución das medidas correctoras necesarias para a mellora do proceso de ensino.

Ademais, ao remate de cada trimestre:

- Por un lado, valoraranse os resultados académicos obtidos polo alumnado, a información recollida a través dos indicadores de logro do apartado anterior e os datos aportados polo equipo de ciclo nas sesións de avaliación, có gallo de formular propostas de mellora en todos os aspectos da programación (proceso de aprendizaxe, proceso de ensino e a propia práctica docente). Para iso empregarei unha escala de observación.

- Por outro lado, os discentes tamén realizarán unha avaliación da miña función docente, empregando para iso un pequeno cadro de observación, avaliando algún dos indicadores anteriormente seleccionados.

Sen esquecernos na autoavaliación da seu propio proceso de ensinanza - aprendizaxe, para a cal empregarán unha diana de avaliación.

Tamén, levaremos un seguimento do desenvolvemento da programación a través da aplicación Proens (modificación de número de sesións, modificación de UD...).

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36013059	CEIP de Viñagrande-Deiro	Vilanova de Arousa	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Relixión Católica	3º Pri.	1	35

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	5
3.1. Relación de unidades didácticas	7
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	7
4.1. Concrecións metodolóxicas	15
4.2. Materiais e recursos didácticos	17
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	18
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	18
6. Medidas de atención á diversidade	20
7.1. Concreción dos elementos transversais	20
7.2. Actividades complementarias	22
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	23
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	24
9. Outros apartados	24

1. Introducción

A formación relixiosa e moral católica conta cunha longa tradición no sistema educativo español e, respondendo a razóns profundas da institución escolar e a dereitos humanos recoñecidos pola Constitución española, está garantizada polo Acordo suscrito entre o Estado español e a Santa Sede sobre Ensiñanza e Asuntos Culturais, firmado o 3 de xaneiro de 1979, no cal establécense os principios que fan posible as garantías constituionais.

A Disposición Adicional Segunda do Decreto do 1 de marzo de 2014, artigo 16, responde ó dereito dos pais á formación relixiosa e moral dos seus fillos, según as súas conviccións, establecendo que a relixión católica estará incluída como área ou materia nos niveis educativos que corresponda, que será de oferta obrigatoria para os centros e de carácter voluntario para os alumnos.

A formación relixiosa e moral católica contribúe a unha síntese básica e global da mensaxe cristiá, axeitado a idade dos alumnos, as esixencias epistemolóxicas da materia, as expresións culturais do entorno e as demandas didácticas do ensino educativo. Enmárcase nun contexto histórico e social, inclúe parte do grande conxunto de valores culturais e artísticos que xurden da fe católica e doutras confesións, e posibilita a análise comparada dos contidos no diálogo coa cultura do noso tempo.

A síntese da mensaxe cristiá fundamenta e motiva os valores e actitudes básicos e favorece os hábitos de comportamento. Preténdese que o alumno adquira as competencias adecuadas á súa idade e no tempo de cada etapa.

Coa incorporación da área de Relixión ao currículo de Educación Primaria, a lexislación educativa en España é coherente coa Declaración dos Dereitos Humanos do 1948, que recoñece o dereito de todos a unha educación integral e ao dereito das familias a elixir o tipo de educación que habera de darse aos fillos e fillas. Estes dereitos e liberdades fundamentais están así recoñecidas no Pacto Internacional dos Dereitos Económicos, sociais e culturais do 1966 e a Carta de dereitos Fundamentais da Unión Europea do 2.000. a Lei Orgánica 3/2020 do 29 de decembro pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006 do 3 de maio de Educación, ademais, no primeiro apartado do seu artigo único, asegura o cumprimento efectivo dos dereitos da infancia segundo o establecido na Convención sobre os Dereitos do neno. Son referencias básicas do dereito internacional ratificadas polo Estado español. Cúmrese así o establecido na Constitución española do 1978 no Título primeiro sobre dereitos e liberdades fundamentais, no referido a liberdade relixiosa e o dereito a educación.

En este marco, a ensinanza da relixión propón como área curricular de oferta obrigatoria para os centros escolares e de libre elección para as familias. Forma parte da proposta educativa necesaria para o desenvolvemento pleno da personalidade dos alumnos e alumnas

O currículo da área de relixión católica é o resultado dun diálogo de Teoloxía fonte epistemolóxica que proporciona os saberes básicos esenciais para unha formación integral da escola indispensable na visión cristiá da vida, con outras fontes curriculares, especialmente a

Para a realización da programación terase en conta o novo marco lexislativo:

¿ Lei Orgánica 2/2006(LOE), do 3 de maio de Educación.

¿ Lei Orgánica 3/2020 (LOMLOE), do 29 de decembro pola que modifica a actual Lei orgánica 2/2006(LOE) do 3 de maio de Educación.

Decreto 155/2022 do 15 de setembro polo que se establecen a ordenación do psicopedagóxica que orientan o necesario proceso educativo na Educación Primaria. O deseño curricular da área de Relixión Católica tivo en conta no contexto global que está vivindo a educación nas primeiras décadas do século XXI: dialogando co marco europeo da educación nas súas competencias clave de 2018 e quere integrarse no seu horizonte do 2025, deixando interpelar pola sensibilidades dos obxetivos de desenvolvemento sostible e a cidadanía global e intercultural, e tivo en conta a oportunidade de reimaxinar os futuros da educación priorizando o aprender a ser e a vivir con outros. A vez deixando afectar polos compromisos do Pacto Educativo Global, promovido pola igrexa católica, que subraia a centralidade da persoa nos procesos educativos, a escoita das novas xeracións, a acollida de todas as realidades persoais e culturais, a promoción da muller, a responsabilidade da familia, a educación para unha nova política e economía e o coidado da casa común. Especialmente, o currículo de Relixión Católica que se abre a novas iniciativas eclesiais da Misión 4.7, sobre ecoloxía integral, e o Alto Comisionado para a Fraternidade Humana conformado por diversas relixións para construír a casa común e a paz mundial. De esa maneira, a ensinanza da relixión católica, mantén a súa peculiaridade e a esencia do diálogo fe-cultura e fe-razón que caracterizou a democracia acollendo os signos dos tempos e responde os desafíos da educación no século XXI.

¿ currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

¿ Real Decreto 984/2021, do 16 de novembro polo que se regulan a avaliación, a promoción e a titulación na Educación Secundaria Obrigatoria, no Bacharelato e a Formación Profesional.

¿ Resolución do 21 de xunio do 2022, do 29 da Secretaría de Estado da Educación, pola que se publican os currículos das ensinanzas de relixión católica correspondentes a Educación Infantil, Educación Primaria, Educación Secundaria.
¿ Real Decreto 2/2015 , polo que se establece o currículo da ensinanza de Relixión Católica da Educación Primaria.
¿ Resolución do 21 de xuño di 2022, da Secretaría de Estado de Educación, pola que se publican os currículos das ensinanzas de relixión católica correspondentes a Educación Primaria, Educación secundaria Obligatoria e Bacherelato.

Desde a Relixión Católica pretendemos contribuír á formación integral do alumno, desenvolvendo especialmente a súa capacidade transcendente, facilitándolle unha proposta de sentido para a súa vida e iluminando o fundamento daqueles valores comúns que fan posible unha convivencia libre, pacífica e solidaria.

É propio da ensinanza relixiosa a súa preocupación pola calidade da educación que se imparte desde a infancia. Nesta idade tan crucial para o posterior desenvolvemento da súa personalidade, é cando o neno comeza a comprender o mundo que o rodea e a relacionarse con el. Neste proceso, que se desenvolve no seo da familia, o afectivo exerce un papel relevante e constitúese en camiño para a aprendizaxe.

Esta programación está pensada para levar a cabo co alumnado de 3º de E. Primaria dun centro educativo da Comunidade Autónoma de Galicia, con distintos niveis socioeconómicos e algúns con dificultades de aprendizaxe. Dotado con pantalla dixital na aula e Biblioteca no centro.

Coa incorporación da área de Relixión ao currículo de Educación Primaria, a lexislación educativa en España é coherente coa Declaración Universal dos Dereitos Humanos de 1948, que recoñece o dereito de todos a unha educación integral e o dereito preferente das familias para elixir o tipo de educación que haberá de darse aos seus fillos e fillas. Estes dereitos e liberdades fundamentais están así recoñecidos no Pacto Internacional de Dereitos Económicos, Sociais e Culturais de 1966 e a Carta de Dereitos Fundamentais da Unión Europea do 2000. A Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, ademais, no primeiro apartado do seu artigo único, asegurou o cumprimento efectivo dos dereitos da infancia segundo o establecido na Convención sobre os Dereitos do Neno. Son referencias básicas do dereito internacional ratificadas polo Estado español. Cumprise así o establecido na Constitución española de 1978 no seu Título primeiro sobre dereitos e liberdades fundamentais, no referido á liberdade relixiosa e o dereito á educación.

Neste marco, o ensino da Relixión Católica propónse como área curricular de oferta obrigatoria para os centros escolares e de libre elección para as familias. Forma parte da proposta educativa necesaria para o pleno desenvolvemento da personalidade dos alumnos e alumnas. Coa súa identidade e natureza, a área de Relixión Católica, en liña cos fins propios da Educación Primaria, favorece o proceso educativo do alumnado, contribuíndo á súa formación integral e ao pleno desenvolvemento da súa personalidade. Propón, especificamente, contribuír á autonomía persoal e ao proxecto vital, con liberdade e responsabilidade, en diálogo coa antropoloxía cristiá. Responde á necesidade de comprender e mellorar a nosa tradición cultural, as súas expresións e significado, en contextos plurais e diversos. E complementa a necesaria educación en valores humanos e cristiáns que orienta o despregamento dunha identidade persoal autónoma e asertiva e á súa inserción nas contornas comunitarias de pertenza.

Esta área na escola caracterízase polas súas contribucións educativas expostas en liña cos obxectivos, fins e principios xerais e pedagóxicos do conxunto da etapa, tamén coas competencias clave. Coas aprendizaxes do currículo, inspirados na antropoloxía cristiá, enriquecése o proceso formativo dos nenos e nenas, se así o elixiron as súas familias: accédese a aprendizaxes culturais propios da tradición relixiosa e da contorna familiar que contribúen a madurar a identidade persoal; a aprendizaxes de hábitos e valores, necesarios para a vida individual e social; e a aprendizaxes vitais que dan sentido humano e cristián á vida e forman parte do necesario crecemento interior. Estas achegas do currículo de Relixión Católica, á luz da mensaxe cristiá, responden a un compromiso de promoción humana coa inclusión de todos, fortalecen o poder transformador da escola e supoñen unha contribución propia ao perfil de saída do alumnado ao termo do ensino básico.

O currículo da área de Relixión Católica é resultado do diálogo da Teoloxía, fonte epistemolóxica que proporciona os saberes básicos esenciais para unha formación integral na escola inspirada na visión cristiá da vida, con outras fontes curriculares, especialmente a psicopedagóxica, que orientan o necesario proceso educativo na Educación Primaria. O deseño curricular da área de Relixión Católica tivo en conta o contexto global que está a vivir a educación nas primeiras décadas do século XXI: dialogou co marco europeo de educación nas súas competencias clave de 2018 e quere integrarse no seu horizonte de 2025, deixouse interpelar pola sensibilidade dos obxectivos de

desenvolvemento sostible e a cidadanía global e intercultural, e tivo en conta a oportunidade de reimaxinar os futuros da educación dando prioridade o aprender a ser e a vivir cos outros. Á vez, deixouse afectar polos compromisos do Pacto Educativo Global, promovido pola Igrexa católica, que subliña a centralidade da persoa nos procesos educativos, a escoita das novas xeracións, a acollida de todas as realidades persoais e culturais, a promoción da muller, a responsabilidade da familia, a educación para unha nova política e economía e o coidado da casa común. Especialmente, o noso currículo ábrese ás iniciativas eclesiais da Misión 4.7, sobre a ecoloxía integral, e do Alto Comisionado para a Fraternidade Humana conformado por diversas relixións para construír a casa común e a paz mundial. Desta maneira, o ensino da relixión católica, mantendo a súa peculiaridade e a esencia do diálogo fe-cultura e fe-razón que a caracterizou na democracia, acolle os signos dos tempos e responde os desafíos da educación neste século XXI.

A estrutura do currículo de Relixión Católica intégrase no marco curricular da nova ordenación, e é análoga ás das outras áreas e materias escolares, contribuíndo como estas a o desenvolvemento das competencias clave a través dunha achega específica. É un currículo aberto e flexible para facilitar a súa programación nas diferentes contornas e centros educativos.

Exponse, en primeiro lugar, as seis competencias específicas propias da área de Relixión Católica. Son comúns para todas as etapas, propoñen gradualmente aprendizaxes de carácter cognitivo, instrumental e actitudinal; e permiten o desenvolvemento das competencias clave en Educación Primaria. Algunhas competencias específicas están centradas na formación da identidade persoal, cultivan as dimensións emocionais e afectivas e promoven que cada alumno e alumna conforme con autonomía, liberdade e empatía o seu proxecto vital, inspirado pola antropoloxía cristiá. Outras subliñan a dimensión social e cultural, necesaria para o despregamento da personalidade individual e a construción responsable e creativa das contornas socioculturais desde a mensaxe cristiá de inclusión e fraternidade. E outras propoñen a visión cristiá da vida, o coñecemento de Xesucristo e da Igrexa, e contribúen a unha síntese da fe cristiá capaz de dialogar con outros saberes e disciplinas escolares.

En segundo lugar, propóñense os criterios de avaliación que están directamente relacionados coas competencias específicas.

En terceiro lugar, propóñense os saberes básicos necesarios para alcanzar a proposta formativa da área de Relixión Católica. Estes saberes, que derivan especificamente do diálogo da Teoloxía e a Pedagogía, constitúen os coñecementos, destrezas e actitudes necesarios para o logro das competencias específicas.

No currículo, os saberes básicos preséntanse organizados en tres bloques. O primeiro bloque xira en torno ao descubrimento da vida e da autonomía persoal, á luz da mensaxe cristiá, que se enriquece con valores de liberdade, responsabilidade, comunicación das emocións e ideas propias. O segundo bloque expón o coñecemento da contorna, o encontro cos outros e o coidado dun mesmo e dos demais para crecer en harmonía e comunión. O terceiro bloque facilita a comprensión da tradición social e a identidade cultural para aprender a vivir con outros, a respectar a natureza, construír contornas inclusivas e diversas e construír a casa común. Todos os saberes expone cun sentido aberto para facilitar a súa adaptación ao contexto.

Finalmente, as orientacións metodolóxicas e para a avaliación da área de Relixión Católica establecen unha proposta didáctica en liña coas outras áreas da etapa e as situacións de aprendizaxe. A súa programación constitúe unha oportunidade para incorporar as realidades máis próximas dos centros educativos e da contorna, para expor a programación didáctica da área de Relixión Católica en proxectos e ámbitos máis globalizados. As propostas metodolóxicas de aprendizaxe cooperativa, aprendizaxe baseada en proxectos e por ámbitos curriculares que poidan realizarse facilitarán un acceso máis inclusivo e universal á aprendizaxe.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Descubrir, identificar e expresar os elementos crave da dignidade e a identidade persoal en situacións vitais próximas, a través de biografías inspiradoras e relatos bíblicos de alcance antropolóxico, para ir conformando a propia identidade e as súas relacións con autonomía, responsabilidade e empatía.	1-3	3		1-4	1-2-5		2-3	3
OBX2 - Descubrir, recoñecer e estimar a dimensión socioemocional expresada na participación en diferentes estruturas de pertenza, desenvolvendo destrezas e actitudes sociais tendo en conta algúns principios xerais da ética cristiá, para a mellora da convivencia e a sustentabilidade do planeta.	2-5	3	5	3	3	1-2-4	1	
OBX3 - Identificar e interpretar as situacións que prexudican ou melloran a boa convivencia, analizándoas coas claves persoais e sociais da proposta cristiá, para fomentar o crecemento moral, a cooperación cos demais e o desenvolvemento de valores orientados ao ben común.	1-5		3	1	3	3-4	1	3
OBX4 - Comprender e admirar o patrimonio cultural nalgunhas das súas expresións máis significativas, gozando da súa contemplación, analizando o universo simbólico e vital que transmiten, para valorar a propia identidade cultural, promover o diálogo intercultural e xerar creacións artísticas.	4	3		2-3		3		1-2-4
OBX5 - Explorar, desenvolver e apreciar a propia interioridade e experiencia espiritual, recoñecendo nas propias emocións, afectos, símbolos e crenzas, coñecendo a experiencia de personaxes relevantes da tradición xudeu cristián e doutras relixións, para favorecer o autoconhecimento persoal, entender as vivencias dos outros e promover o diálogo e o respecto entre as diferentes tradicións relixiosas.	1				1-3-5	3	2	1-3
OBX6 - Comprender os contidos básicos do cristianismo, valorando a súa contribución á sociedade, para dispoñer dunha síntese persoal que permita dialogar, desde a propia identidade social e cultural, con outras tradicións relixiosas e áreas de coñecemento.	2-3		4	1	4-5	1-4	3	1

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Vivo a creación	Traballaremos a Creación desde a perspectiva da fermosa tarefa de vivir con responsabilidade, coidando do mundo que nos rodea A misión de Noé	14	5	X		
2	Os Sacramentos	Os Sacramentos Personaxes amigos de Deus. Alianza do pobo de Deus	14	5	X		
3	Chega Advento! e o Nadal!	Calendario litúrxico. Tempo de Advento e Nadal Elaboración de manualidades propias destas datas (Belén) Paxoliña para agasallar na nosa visita ao xeriátrico	18	6	X		
4	O meu amigo Xesús!	Xesús e os demais. As situacións inxustas vistas desde a solidariedade e o Amor de Xesús Espazos de convivencia agradable e inclusiva. Lecturas de fragmentos sobre Xesús no patio para gozar da beleza da natureza	14	5		X	
5	Mirando o mundo desde a Cruz de Xesús!	Identifico os símbolos do calendario litúrxico e dos sacramentos Na Semana Santa, a paixón de Xesús Busca do tesouro. Xogo no patio para preparar a Semana Santa e a Pascua	14	5		X	
6	Os amigos de Xesús na Igrexa!	Relatos bíblicos sobre os apóstolos de Xesús. A súa misión A misión da Igrexa Reflexionamos sobre as vocacións	14	5			X
7	Celebramos en comunidade!	Unidos a Deus celebramos a Vida e a misión da Igrexa Os primeiros cristiáns. A solidariedade entre eles. Finaliza o curso, expresión de alegría porque formamos parte desta comunidade! Coidamos o que nos rodea. Lecturas no patio para gozar da beleza da natureza	12	4			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Vivo a creación	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.10 - Identificar as virtudes e actitudes que axudan a un crecemento persoal e espiritual, a través do autoconecemento e do acceso a outras experiencias de personaxes da tradición cristiá.	Identifica os silencios como momentos de calma e tranquilidade coma os axeitados para pensar ou rezar	PE	31
CA1.1 - Recoñecer e expresar a través de composicións orais, escritas e artísticas os elementos crave da dignidade e a identidade persoal, relacionándoas con diferentes situacións vitais, tendo en conta biografías e relatos bíblicos de vocación e misión.	É quen de destacar na composición dun cadro os personaxes bíblicos protagonistas e relacionalo con algunha acción ou narración identificativa súa.	TI	69
CA1.4 - Apreciar as relacións sociais como fonte de felicidade e desenvolvemento persoal, tomando como punto de partida os relatos sobre a comunidade de Xesús de Nazaret, os Apóstolos e a Igrexa, asumindo responsabilidades no coidado das persoas e do planeta.	Agradece o tempo compartido e aprecia as relacións sociais como fonte de felicidade e desenvolvemento persoal		
CA1.5 - Colaborar e promover cos demais a análise de situacións que prexudican ou melloran a convivencia e a posta en marcha de accións responsables que favorezan a construción dun mundo máis equitativo e inclusivo.	Promove cos demais situacións que melloran a convivencia e accións responsables que favorecen a construción dun mundo máis inclusivo e equitativo		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá. - A importancia da familia e a comunidade como fonte de felicidade. - Cosmovisións, tradición cristiá e cultura. - Antigo e Novo Testamento. - A relación de Xesús coas persoas do seu tempo. - A Igrexa, Pobo de Deus, como comunidade que vive e celebra. O sacramento da Eucaristía. - Aprecio da importancia de vivir a fe en comunidade para a persoa crente. - Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común. - O coidado da contorna natural e social como casa común.

UD	Título da UD	Duración
2	Os Sacramentos	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Adquirir destrezas e habilidades sociais que potencien a súa inclusión no grupo e contornas culturais próximos, a través da lectura de pasaxes bíblicas do Novo Testamento e a análise de comportamentos de coidado, responsabilidade, solidariedade e perdón.	Tenta adquirir destrezas e habilidades sociais axeitas para mellorar súa inclusión nos grupos da clase	TI	100
